

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 26 de FEBREIRO de 2016**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 26 de febreiro de 2016, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

[*Declaración institucional con motivo do 8 de marzo](#)

[*Declaración institucional con motivo do 40º aniversario da proclamación da RASD.](#)

[*Declaración institucional por un paso seguro das persoas refuxiadas](#)

Actas

[1.-Aprobación da acta da sesión anterior, número 1/2016, do 29 de xaneiro.](#)

[2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia da número 1651 á número 4250, de 2016.](#)

[3.-Proposición da Presidencia sobre o cambio de data da sesión ordinaria do terceiro mes de 2016.](#)

Comisión de Cultura e Normalización Lingüística

[4.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio para la Promoción de la Música para financiar a Tempada lírica 2015. Segunda parte.](#)

Comisión de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero

[5.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación do Pequeno Comercio da Pobra do Caramiñal para financiar o “Proxecto para a inclusión laboral de persoas con discapacidade no pequeno comercio 2015”.](#)

Comisión de Infraestruturas Viarias, Vías e Obras Provinciais e Medio Ambiente

[6.-Aprobación do proxecto modificado da obra “Mellora da intersección na DP 5403 Gándara a Santa Cecilia PK 1,370, no Concello de Narón, incluída no Plan de conservación de vías provinciais 2015. Código 15.1100.0034.0.](#)

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

[7.-Dar conta da Resolución 2737/2016 do 3 de febreiro de 2016 pola que se aproba a modificación do texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Esgrima Coruña para financiar o proxecto “Esgrima Conecta”.](#)

[8.-Modificación do prazo de cesión de uso do local do edificio da Milagrosa, relativo ao convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Odontoloxía Solidaria, para a cesión dun local de 152 m² no edificio da Milagrosa para a instalación da Clínica Dental 4º Mundo da Fundación, e desenvolver a atención, por parte de profesionais voluntarios, en materia de saúde bucodental, a persoas en situación de exclusión social de toda a provincia da Coruña.](#)

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico

9.-Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016.

10.-Aprobación da modificación do proxecto da obra “Mellora do firme na estrada de Ordes a Cerceda por Virís entre o P.Q. 6+500 e o límite municipal”, do Concello de Ordes, cofinanciado pola Deputación a través do convenio de colaboración 96/2015.

11.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e Costa da Morte Asociación Turística C.M.A.T. para o financiamento do proxecto “Desenvolvemento turístico da Costa da Morte”.

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

12.- Aprobación do informe sobre o estado de execución orzamentaria a 31/01/2016 e proxección a 31/12/2016.

13.-Aprobación da información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de xaneiro de 2016.

14.-Aprobación do informe do estado de execución dos investimentos financeiramente sostibles aprobados nos exercicios 2014 e 2015.

15.- Toma de coñecemento da liquidación do orzamento da Deputación provincial correspondente ao exercicio 2015 e aprobación da súa remisión a outras administracións.

16.-Toma de coñecemento da información, relativa a execución do orzamento no cuarto trimestre de 2015, rendida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento da Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información establecidas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade e aprobación da súa publicación.

17.-Renuncia de don Carlos Negreira Souto á súa condición de deputado provincial.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

I.Moción de apoio á plataforma galega polo dereito ao aborto da Coruña

II Moción do Grupo Provincial Popular en defensa das deputacións, cabidos e consells insulares e en contra da súa desaparición.

ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 26 DE FEBREIRO DE 2016

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 26 de febreiro de 2016, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO

PSOE

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

D. JAVIER CAÍNZOS VÁZQUEZ	PP
D ^a . CLAUDIA DELSO CARREIRA	MAREA ATLÁNTICA
D. DANIEL DÍAZ GRANDÍO	MAREA ATLÁNTICA
D. JUAN JOSÉ DIESTE ORTIGUEIRA	PP
D. MANUEL DIOS DIZ	COMPOSTELA ABERTA
D. JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
D. BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO	PSOE
D ^a M ^a ROCIO FRAGA SANZ	MAREA ATLÁNTICA
D ^a . M ^a ÁNGELA FRANCO POUZO	BNG
D. GUMERSINDO PEDRO GALEGO FEAL	PP
D. JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO	PP
D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
D ^a . SUSANA GARCÍA GÓMEZ	PP
D. JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
D. ANGEL GARCÍA SEOANE	ALTERNATIVA VV.
D. AGUSTÍN HERNÁNDEZ FERNÁNDEZ DE ROJAS	PP
D. ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
D. MANUEL MUIÑO ESPASANDIN	BNG
D. JOSÉ LUIS OUJO POUZO	PP
D ^a MARIEL PADÍN FERNÁNDEZ	PP
D. EDUARDO JOSÉ PARGA VEIGA	PP
D. JUAN VICENTE PENABAD MURAS	PSOE

D. JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
D. XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
D. LUIS RUBIDO RAMONDE	PP
D. JULIO SACRISTÁN DE DIEGO	PSOE
D ^a . M ^a GORETTI SANMARTIN REI	BNG
D. XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG

Non asisten os Sres. Calvelo Martínez e Negreira Souto.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supevía, Secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

Sr. Secretario

Asinadas por todos os grupos hai tres declaración institucionais. A primeira é a “Declaración institucional con motivo do 8 de marzo”.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO 8 DE MARZO

Van xa 159 anos desde que, aquel 8 de marzo de 1857, un grupo de obreiras textís saíu á rúa en Nova York para protestar polas súas condicións laborais. Hoxe en día, esta data reivindica e simboliza a loita incansábel das mulleres do mundo na defensa dos seus dereitos laborais e na defensa da igualdade.

Neste marzo de 2016 a realidade continúa a evidenciar que a crise agravou a situación de desigualdade e precariedade das mulleres. Diante do discurso falaz da igualdade conseguida diferentes estudos, informes e enquisas recollen datos sobre a crecente situación de precariedade laboral e traballo vulnerábel que viven as mulleres galegas. A fenda salarial segue a ser unha realidade aínda por combater diante da que, as institucións con competencias, non interpoñen medidas. Ademais, son as mulleres quen lideran as estatísticas de emprego temporal e parcial. No que atinxe ao traballo non remunerado, as desigualdades na repartición das responsabilidades repercuten negativamente sobre as mulleres, que tamén sofren a sobrecarga derivada da redución do apoio ás necesidades de coidados.

Desde a Deputación da Coruña defendemos unha política laboral, fiscal e social, ao servizo da redistribución xusta dos recursos, e solucións urxentes para os colectivos máis vulnerábeis. Loitaremos para acabar coa desigualdade na toma de decisións libres e autónomas que lles permita ás mulleres desenvolver unha vida plena sen imposicións. Implicarémonos en superar a desigualdade na utilización da linguaxe que invisibiliza ás mulleres, cando non as menospreza, e na imaxe que ofrecen delas

os diferentes medios e nas redes sociais. A Deputación fará campañas para que desaparezan as desigualdades nas mulleres con discapacidades, nas mulleres inmigrantes e nas mulleres que pertencen a outras minorías.

O 8 de Marzo é unha ocasión para reflexionarmos sobre os avances conseguidos, esixir cambios e celebrar os actos de valor de mulleres comúns que desempeñaron unha función extraordinaria na historia, reclamando dereitos básicos como o acceso á educación, a cultura, o traballo ou a política.

É o compromiso desta institución formular e aplicar políticas e programas efectivos e eficaces con perspectiva de xénero, así como poñer os recursos precisos que contribúan a acadar a tan reclamada igualdade de dereitos entre mulleres e homes nos diferentes ámbitos da sociedade.

Sr. Secretario

A segunda declaración institucional, asinada por todos os grupos da Corporación é “Declaración institucional con motivo do cuadrexésimo aniversario da proclamación da República Árabe Saharauí Democrática”.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO 40º ANIVERSARIO DA PROCLAMACIÓN DA RASD

Con motivo de cumprírense os 40 anos da proclamación da República Árabe Saharauí Democrática pensamos que debemos sumarnos a este acontecemento histórico e demostrar o noso firme compromiso co pobo saharauí.

As choivas torrenciais caídas en outubro de 2015 nos campamentos de poboación refuxiada saharauí afectaron a máis de 90.000 persoas, 25.000 das cales perderon os seus fogares e quedaron sen alimentos, segundo denunciou a Axencia das Nacións Unidas para os Refuxiados (ACNUR).

Diversas investigacións levadas a cabo polo Instituto Hegoa da UPV-EHU e a Sociedade de Ciencias Aranzadi, co apoio de Euskal Fondoa, achegaron novas probas sobre desaparicións forzosas e bombardeos á poboación civil saharauí a mans do goberno de Marrocos. Ademais, estas investigacións están sendo útiles na investigación da querela por xenocidio contra o pobo saharauí e nas demandas de verdade, xustiza e reparación.

Por todo iso, a Deputación da Coruña manifesta o seguinte:

1. Reafirma o seu recoñecemento ao lexítimo goberno da RASD e manifesta o dereito de autodeterminación que legalmente lle asiste ao pobo saharauí.
2. Insta o Goberno de España e a comunidade internacional para que promovan todas as iniciativas políticas que sexan necesarias para lograr unha solución xusta e definitiva, mediante a celebración dun referendo, conforme ás resolucións das Nacións Unidas.

3. Insta as autoridades marroquís para que cesen as persecucións contra os e as activistas saharauís de dereitos humanos, para que liberen os e as presas políticas saharauís e para que esclarezan o destino de máis de 400 persoas saharauís desaparecidas.

4. Insta o Estado español para que asuma a súa responsabilidade histórica, traballe activamente dentro da Unión Europea e aproveite a súa presenza no Consello de Seguridade das Nacións Unidas en favor de que a MINURSO vexa ampliado o seu mandado á vixilancia dos dereitos humanos no Sáhara Occidental.

5. Reafirma o seu compromiso de traballar, tanto nos campamentos de poboación refuxiada en Tinduf (Arxelía) coma nos territorios ilegalmente ocupados por Marrocos como mostra do apoio maioritario da sociedade coruñesa á lexítima loita do pobo saharauí pola súa liberdade.

6. Agradece sinceramente a colaboración desinteresada e a xenerosidade dos cidadáns e as cidadás coruñesas que fan posible proxectos de cooperación co pobo saharauí, tales como a Caravana pola Paz, Vacacións en Paz e outros.

Sr. Secretario

A terceira declaración institucional “Por un paso seguro das persoas refuxiadas”.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POR UN PASO SEGURO DAS PERSOAS REFUXIADAS

Máis de 80 000 persoas chegaron a Europa por vía marítima durante as primeiras seis semanas de 2016 e máis de 400 morreron afogadas tratando de atravesar o Mediterráneo. Malia as pésimas condicións marítimas, as inclemencias do inverno e as numerosas dificultades que padecen tras a súa chegada, unha media diaria de máis de 2000 persoas continúan arriscando as súas vidas e as dos seus fillos/as tentando chegar a Europa. Máis do 91 % das persoas chegadas a Grecia proveñen dos dez principais países de orixe de persoas refuxiadas, nomeadamente de Siria, e tamén Afganistán e Iraq. Ao seren entrevistadas á súa chegada, a maioría declara que deixaron os seus países debido aos conflitos que alí están a ter lugar.

Moitas destas persoas foxen da guerra, da opresión e da tortura; outras da pobreza, da persecución e as violacións dos dereitos humanos. Todas elas queren unha vida mellor e máis segura. Pero as súas rutas de saída cada vez son máis escasas, xa que os países que acollen persoas refuxiadas -como o Líbano, Turquía ou Xordania- están desbordados.

O mundo enfróntase á peor crise de persoas desprazadas desde a Segunda Guerra Mundial. Porén, Europa está pechando as súas fronteiras. Os gobernos europeos veñen destinando fondos de asilo e migración á blindaxe das nosas fronteiras, a converteren Europa nunha fortaleza. Infelizmente, algúns Estados están priorizando manter estas afluencias de xente fóra das súas fronteiras antes que encontrar

solucións realistas. Desde o comezo de 2016, as medidas de control fronteirizo endurecéronse en moitos Estados europeos. Malia os chamamentos de diversas ONGs a ampliar as vías legais de entrada para permitir o acceso ao dereito de asilo, moitos Estados membros da Unión Europea na práctica están reducindo as vías legais dispoñíbeis.

En calquera caso, estes fluxos de persoas van continuar chegando sen importaren os atrancos que se lles poñan. Non teñen outra opción. Polo que as políticas actuais de "non-recepción" e de facer perigar o dereito de asilo son insustentábeis á hora de xestionar esta situación. De todas e todos nós depende que esta crise humanitaria non se transforme en crise de civilización, nunha crise daqueles valores fundacionais que forxaron as nosas democracias e a construción da Unión Europea. É hora de lles pórmos fin a estas políticas de freo. Unha afluencia previsíbel e manexábel de persoas que escapan para sobrevivir estase a converter nunha traxedia humana nas praias, nas fronteiras, nas plataformas ferroviarias e nas autoestradas de Europa.

En 2015 vimos mostras conmovedoras de como a sociedade civil galega e europea se mobilizaron como reacción ás noticias recibidas respecto das penurias de quen trataban de encontrar refuxio -principalmente en Alemaña-, ofrecéndose e poñendo os medios cos que contaban a dispor do que puideren precisar esas persoas, ao tempo que esixindo unha implicación clara por parte dos poderes públicos.

Neste contexto, a Deputación Provincial da Coruña aprobou unha moción na Sesión Plenaria celebrada o 11 de setembro de 2015, para solicitar ás distintas administracións públicas o seu compromiso ante a crise humanitaria que están padecendo actualmente en Europa os/as refuxiados/as. Lamentablemente, pouco ten mellorado desde entón, tanto nas políticas dos países de acollida, como nas causas que obrigan a estas persoas a desprazarse, como nos padecementos que sofren no seu tránsito.

Nestas semanas estase impulsando tamén por parte da sociedade civil unha convocatoria de mobilización cidadá a nivel europeo de cara ao 27 de febreiro. A principal demanda diríxese á apertura de pasos seguros para os milleiros de persoas que chegan ao noso continente buscando unha nova vida, que garanta os dereitos humanos e libre de guerras e sufrimento. Para ACNUR a única maneira de evitar que esta crise empeore é tentar acabar cos contrabandistas, proporcionando unha alternativa segura, legal e gratuíta de entrada.

Por estes motivos, é proposto ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1. A Deputación Provincial da Coruña, ao igual que os outras corporacións europeas e movementos cidadás, súmase á convocatoria do 27 de febreiro e chama á súa cidadanía a participar nas iniciativas en marcha.
2. A Deputación Provincial da Coruña acorda sumarse á *Marcha Europea polos dereitos das persoas desprazadas. Pasaxe seguro XA*, para a petición de rutas seguras de chegada a Europa para permitirlle ás persoas refuxiadas alcanzar a súa seguranza sen poñeren as súas vidas en mans de traficantes e emprenderen perigosas travesías polo mar. Débense establecer vías seguras de chegada, así como máis prazas de reasentamento e de admisión

humanitaria, a reunificación familiar, o patrocinio privado e os visados humanitarios e de estudos ou traballo para persoas refuxiadas, co obxectivo de posibilitar que os desprazamentos sexan xestionábeis, controlados e coordinados por parte dos estados que reciben a estes refuxiados.

3. Solicitamos do Goberno do Estado e da Unión Europea que o paso, tanto de fronteiras marítimas como terrestres, sexa autorizado ás/aos solicitantes de asilo que chegan á UE ou que xa están nela. Así pois, débense por en marcha con urxencia todas as formas de acceso legais que lle permitan as persoas refuxiadas chegar a Europa. Cómpre encontrar solucións eficientes para reubicar aos solicitantes de asilo dun Estado membro da UE a outro. Débese ofrecer acceso a uns procedementos de asilo coherentes, así como asistencia nos puntos de entrada, por toda Europa e ao longo das rutas migratorias. Á chegada de persoas refuxiadas hai que proporcionar un rexistro rápido máis unha protección temporal. En conclusión, deben crearse vías de migración legais e ofrecerse condicións de acollida dignas para todas as persoas, acordes ás convencións de dereitos humanos e de asilo e refuxio.

Sra. Fraga Sáenz

Xa que como declaración institucional finalmente se aproba isto, informar e pedir aos Grupos que así a asinaron, que a manifestación que hai a nivel desta provincia no marco do 27-F vai ser na Coruña mañá ás sete e media da tarde desde Riazor, para que o teñades en conta as diferentes formacións.

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, NÚMERO 1/2016, DO 29 DE XANEIRO.

Por unanimidade, apróbase a acta da sesión anterior, número 1/2016, do 29 de xaneiro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA DA NÚMERO 1651 Á NÚMERO 4250, DE 2016.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da número 1651 á número 4250, de 2016.

3.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE O CAMBIO DE DATA DA SESIÓN ORDINARIA DO TERCEIRO MES DE 2016.

Procédese a votar a ratificación da inclusión deste punto na orde do día, que é aprobada por unanimidade, e tamén por unanimidade apróbase a seguinte proposición da Presidencia:

“Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 46.2 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das Deputacións Provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo

Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación Provincial.

Tendo en conta que tanto o día prefixado para a celebración da sesión plenaria correspondente ao terceiro mes de 2016, como o inmediato anterior son festivos,

Polo tanto e como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión do 4 de agosto de 2015, tras consultar aos portavoces dos grupos políticos da Deputación,

PROPÓN AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte ós artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento Orgánico, a adopción do seguinte acordo:

A sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial correspondente ao terceiro mes de 2016 celebrarase o día 30 de marzo, mércores, a partir das doce horas”.

4. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONSORCIO PARA LA PROMOCIÓN DE LA MÚSICA PARA FINANCIAR A TEMPADA LÍRICA 2015. SEGUNDA PARTE

INTERVENCÍONS

Sr. García Seoane

Dicir que non estou contra a música, son músico, e a música amansa as feras, e neste momento que hai tantas soltas polo mundo, canta máis música, mellor. Pero unha cousa é a música e outra o que leva polo medio a partitura. Entón, hai cousas que, desde o meu punto de vista, eu na Comisión incluso votei, pero mirando o expediente teño que cambiar a miña postura. Aquí, desde a Deputación, que se financian estas actividades, e entendo que ben, dáse un millón e medio ao Consorcio para a Música, para manter a Orquesta Sinfónica, etc., paréceme todo iso moi ben, e tamén dáse un diñeiro de 450.000 euros para o tema da tempada de ópera. Dese orzamento da tempada de ópera había dúas partidas, no expediente aparecía un gasto de 900.000 euros, onde 565.000 eran para o caché dos artistas que viñan á tempada da ópera, pero hai outra parte, outra cifra igual, totalmente igual, de 565.000 euros, que di así: soldos e salarios, reforzos de solistas, directores, 177.000 euros, Seguridade Social, 35.000 euros, alugueiro do Pazo, escenarios e partituras, 61.000 euros, esta é outra partida que me parece leonina, material de oficina, publicidade, transporte, instrumentos, hoteis, estudos e traballos técnicos, 290.000 euros. A min isto paréceme unha loucura, por tanto, non teño nada contra a ópera, non teño nada contra a música, pero isto non é música, isto está noutra tesitura, noutro ton distinto. Polo tanto, eu quero anunciar que voto en contra desta subvención.

Sr. Díaz Grandío

Bos días a todos. Primeiro anunciar o voto positivo deste Grupo a este convenio, animar así ao resto dos Grupos para que fagan o mesmo xa que entendemos que este asunto que nos trae trascende máis alá das fronteiras do Concello da Coruña.

A tempada lírica é un ciclo que é efectivamente de referencia en canto á programación operística, e non só polo que ten perdurado no tempo, senón por ter levado eventos tamén a outras poboacións desta provincia. Tamén pola calidade dos seus espectáculos e tamén porque, grazas á colaboración institucional que se fixo ata o de agora, puido ofrecer un espectáculo accesible tamén economicamente a todo o mundo.

Nos últimos tempos, porén, púxose en dúbida en diversas ocasións este compromiso, tanto a nivel municipal como da propia Deputación da Coruña coa ópera, cando a falta de compromiso cómpre explicalo que vén de algo máis arriba, é do ano 2012 cando o Ministerio de Cultura retirou, de forma incomprensible, a axuda previamente que se outorgaba a este ciclo. Este paso atrás do goberno central e a retirada do patrocinio foi o que forzou a institucións moito máis pequenas, economicamente falando, a asumir un compromiso que supuña un esforzo maiúsculo en tempos complicados. As dificultades de asumir este compromiso fixeron perigar a celebración do Ciclo, pero estas dificultades tamén fixeron porque se comezase a estender a idea de que é preciso un cambio, efectivamente, no modelo de xestión da programación lírica na Coruña, un modelo que aposte, obviamente, por unha maior transparencia e pola viabilidade e perdurabilidade no tempo do Ciclo, e que pase tamén pola implicación institucional, pero tamén pola procura de novos patrocinadores e colaboradores que axuden a afianzar esta programación.

Por iso reiteramos o apoio da Marea Atlántica a este convenio, á programación lírica e á ópera, pero tamén pretendemos que o noso voto sexa entendido como o dunha moción, como unha chamada á responsabilidade das distintas institucións para que outorguen á programación lírica a atención e o trato que merecen e se poñan a traballar por ese cambio de modelo que entendemos tan necesario. Grazas.

Sra. Sanmartín Rei

Bo día, como sabedes, porque xa o falamos, xa o comentamos tanto na Comisión de Cultura, como isto xa foi obxecto de Pleno, o que temos enriba da mesa realmente é unha achega extraordinaria que esta Deputación decidiu realizar xustamente despois dunha petición directamente do Concello da Coruña para asumir, porque non estamos co que é a achega habitual, coa achega tradicional que facía a Deputación da Coruña ao Consorcio da Música, nin á programación operística da cidade, a achega habitual son ese millón e medio de euros para o Consorcio da Música e logo unha achega para o festival de outono, que realiza Amigos da Ópera, que normalmente andaba ao redor dos 50.000 euros. O que temos enriba da mesa desde tempos moi recentes é a unión pretendida, que non deu lugar a unha fórmula sustentable no tempo, entre o antigo Festival Mozart e o Festival de Outono de Amigos da Ópera, cun proxecto que resulta que o ano pasado, concretamente dos 1.200.000 euros de orzamento, ao final 900.000 en dous pagamentos, 450 que xa fixemos, que xa foron aprobados por este Pleno, e outros 450 agora, vanse pagar 900.000 euros do 1.200.000, que é o orzamento. Polo tanto, o compromiso desta Deputación co que é a ópera, co que é a música é totalmente certo, mais é un compromiso, xa digo, extraordinario, porque viñamos dunha situación onde existía un parceiro para o Festival Mozart, claro, era unha entidade bancaria que financiaba aí unha parte. Fixemos os deberes durante este tempo e houbo distintas conversas entre todas as institucións, tanto o Concello, como a Deputación, como a propia Xunta

de Galicia en distintas reunións, chegamos ao acordo de que era lóxico que houbera continuidade operística na cidade cunha programación, mais que esa programación ten que ser sustentable no tempo e, polo tanto, o que fixemos é unha proposta desa continuidade, mais terá que ser o Consorcio da Música e distintas asociacións que na cidade teñen interese ao redor deste tema, as que teñen que mirar como vai ser o seu futuro a medio prazo.

Para este concreto, xa digo, de maneira extraordinaria, facemos tamén petición para que se aprobe, neste caso estes 450.000 euros, por algo que está revisado por todos os servizos técnicos da casa, mais entendemos, para aquelas cuestións que tamén o portavoz de Alternativa dos Veciños comentaba e comentou na Comisión, lembramos que ten que haber unha xustificación posterior, todas e cada unha das cuestións que aquí veñen terán que ser debidamente xustificadas e haberá unha parte final en que se se cumpren todas as condicións, esta achega dos 450.000 euros, de maneira extraordinaria poderán significar cumprir este criterio e nós, a Deputación da Coruña polo menos ao que se compromete é a darlle continuidade a algo que poida ser sustentable e equilibrado na súa achega entre todas as administracións, cando menos.

VOTACIÓN

Votan a favor: 27 deputados (11 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG e 3 de Marea Atlántica).

Votan en contra: 1 deputado (Alternativa dos veciños)

Abstéñense: 1 deputado (Compostela Aberta)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG e Marea Atlántica, a abstención de Compostela Aberta e o voto en contra de Alternativa dos Veciños, acorda:

“1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 11 de febreiro de 2016.

2. Aprobar o convenio co Consorcio para la Promoción de la Música correspondente á subvención nominativa, por importe de 450.000 €, concedida para financiar a Tempada Lírica 2015. Segunda Parte, cun orzamento subvencionado de 565.000 €, de acordo co texto que se achega.

3. Condicionar o presente acordo á aprobación do expediente de incorporación do correspondente remanente de crédito do exercicio anterior.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio para la Promoción de la Música para financiar a Tempada Lírica 2015. Segunda Parte

Na Coruña,

REUNIDOS

Dona Goretti Sanmartín Rei, deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área

Don Xulio Ferreiro Baamonde, presidente do Consorcio para la Promoción de la Música.

EXPOÑEN

1. Que o Concello da Coruña, en sesión plenaria celebrada o día 19 de abril de 1991, aprobou a constitución do organismo denominado Consorcio para la Promoción de la Música, que ten por obxecto a difusión da música e a promoción de toda clase de actividades musicais.

2. Que o Consorcio para la Promoción de la Música ten por obxecto, entre outros, difundir a música mediante actuacións da Orquesta Sinfónica de Galicia e promover toda clase de actividades musicais: sinfónicas, operísticas, corais, sinfónico-corais, camerísticas, recitais etc., a través da colaboración con agrupacións, organismos e institucións nacionais ou extranxeiras.

Así mesmo, o Consorcio organiza concertos didácticos e xestiona a Escola Municipal de Música.

A Tempada Lírica da Coruña inclúe unha serie de actividades e concertos que realizarán o Consorcio para la Promoción de la Música e a Asociación de Amigos de la Ópera de A Coruña, a prol da difusión musical, nomeadamente do xénero lírico, que na cidade da Coruña se remonta ao século pasado.

3. Que, de conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

4. Que, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña recoñece o labor cultural que ven desempeñando o Consorcio para la Promoción de la Música e considera de interese as actividades que desenvolve e que, en tal sentido, o pasado 28 de outubro foi asinado un convenio cunha achega provincial por importe de 450.000,00 €, en concepto de subvención nominativa ao Consorcio para la Promoción de la Música, destinada a financiar a Tempada Lírica 2015. Xaneiro a Xuño.

5. Que, coa finalidade de complementar a axuda indicada, no EMC núm. 4 aprobado polo Pleno da Corporación o 8 de outubro de 2015, foi incluído un crédito por importe

de 450.000 €, destinado ao financiamento doutras actividades incluídas na Tempada Lírica.

6. Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan subscribir o presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio para la Promoción de la Música (CIF P6503001G) para financiar a Tempada Lírica 2015. Segunda Parte, coa seguinte programación:

Ópera en versión concerto:

* *Ermione*, de G. Rossini – 6 de xuño de 2015.

* *Suor Angelica*, de G. Puccini e *El Castillo de Barbazul*, de Bela Bartok – 26 de setembro de 2015.

Ciclo Grandes cantantes:

* René Pape e Camilo Radicke - 9 de xaneiro de 2015.

* Natalie Dessay e Philippe Cassard - 24 de marzo de 2015.

* Bryn Terfel, OSG e Gareth Jones, director - 24 de abril de 2015.

* Matthias Goerne e Alexander Schmalcz- 9 de xuño de 2015.

* Anne Hallenberg, Christophe Rousset e Les Talents Lyriques – 8 de outubro de 2015.

* Ramón Vargas e Mzia Bakhtouridze – 29 de outubro de 2015.

Ciclo Otras voces, otros ámbitos:

* Borja Quiza – 23 de novembro de 2015.

Ciclo Nuestros jóvenes intérpretes:

* José Francisco Pardo e Borja Mariño – 4 de maio de 2015.

Galas Líricas:

* Mariella Devia e José Miguel Pérez Sierra, director – 5 de decembro de 2015.

II. Orzamento de gastos da actividade que vai realizar o Consorcio para la Promoción de la Música

O Consorcio para la Promoción de la Música desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

* Ermione: 125.000 €

* Suor Angelica e El Castillo de Barbazul: 130.000 €

* René Pape e Camilo Radicke: 40.000 €

* Natalie Dessay e Philippe Cassard: 25.000 €

* Bryn Terfel, OSG e Gareth Jones, director: 80.000 €

- * Matthias Goerne e Alexander Schmalcz: 20.000 €
- * Anne Hallenberg, Christophe Rousset e Les Talents Lyriques: 70.000 €
- * Ramón Vargas e Mzia Bakhtouridze: 30.000 €
- * Borja Quiza: 5.000 €
- * José Francisco Pardo e Borja Mariño: 5.000 €
- * Mariella Devia e José Miguel Pérez Sierra, director: 35.000 €

Orzamento desglosado:

Gastos de persoal	
Soldos e salarios: reforzos, solistas, directores	177.000 €
Seguridade social	35.540 €
Gastos correntes en bens e servizos	
Alugueiro do Pazo, escenarios, instrumentos, partituras, transporte, dereitos de autor	61.000 €
Rep.e mantemento. Instrumentos, afinac. pianos	1.460 €
Mat. Oficina, publicidade, transp. instrum., hoteis, estudos e traballos técnicos	290.000 €
Total	565.000 €

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 450.000 €, o que representa unha porcentaxe do 79,6460 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle corresponde.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,6460 % da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/46701, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito abondo e sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Consorcio para la Promoción de la Música obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación da execución

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle ao Consorcio para la Promoción de la Música.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Consorcio para la Promoción de la Música, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18 000 €, con carácter previo á contratación, o Consorcio para la Promoción de la Música deberá solicitarlles polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha de acordo con criterios de eficiencia e economía e xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando esta non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V. Publicidade do financiamento provincial

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a Tempada Lírica 2015. Segunda Parte, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Consorcio para la Promoción de la Música.

VI. A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada ao Consorcio para la Promoción de la Música unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Consorcio para la Promoción de la Música, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante

de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades da Tempada Lírica 2015. Segunda Parte que figuran na cláusula primeira deste convenio.

- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula sexta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2015.

2. Unha vez rematadas as actividades, o Consorcio para la Promoción de la Música deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de maio de 2016.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requerimento ao Consorcio para la Promoción de la Música para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional impicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o Consorcio para la Promoción de la Música da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Consorcio para la Promoción de la Música.

Se tivesen transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, o Consorcio para la Promoción de la Música terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo

de xuro legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1. O Consorcio para la Promoción de la Música deberá acreditar, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. O Consorcio para la Promoción de la Música destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 € nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Consorcio para la Promoción de la Música deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Consorcio para la Promoción de la Música poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Para alén diso, de acordo co previsto na lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Consorcio para la Promoción de la Música queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos

procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se devindiquen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para o que lle será de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Consorcio para la Promoción de la Música seranlles remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Para alén diso, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Consorcio para la Promoción de la Música será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de maio de 2016 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse desde o 1 de xaneiro de 2015.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2016, autorice o correspondente orzamento.

2. Logo da solicitude do Consorcio para la Promoción de la Música, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e após dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos devanditos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV. Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente, aplicaráselle a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asínano por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.”

5.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL PARA FINANCIAR O “PROXECTO PARA A INCLUSIÓN LABORAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE NO PEQUENO COMERCIO 2015”.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.Exceptuar para a tramitación do presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións, e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 11 de febreiro de 2016 que consta no expediente.

2. Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación do Pequeno Comercio da Pobra do Caramiñal (G15786411) para financiar o “*Proxecto para a inclusión laboral de persoas con discapacidade no pequeno comercio 2015*”, cunha achega da Deputación de 15.926,06 €, que supón unha porcentaxe do 80,00 % do orzamento subvencionado, que é de 19.907,58 €, importe que será aboado conforme ao previsto nas cláusulas VI e VIII do texto do convenio, e con cargo á partida 0611/23121/481 do orzamento vixente.

3.

4. Subordinar o presente acordo á incorporación de remanentes de crédito correspondente ao exercicio anterior, de acordo coas bases de execución do orzamento vixente.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL PARA O FINANCIAMENTO DO “PROXECTO PARA A INCLUSIÓN LABORAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE NO PEQUENO COMERCIO”

Na Coruña, o de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dna. Ánxela Franco Pouso, deputada provincial de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero.

Dna. M^a Amparo Cerecedo Sánchez presidenta da ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL

As comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e da ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL, para o financiamento do “**Proxecto para a inclusión laboral de persoas con discapacidade no pequeno comercio**”.

A actividade consiste nunha primeira fase, o estudo e posta en marcha, dun programa formativo e laboral no pequeno comercio para a formación e a inclusión no mercado de traballo de persoas cun grao de discapacidade legalmente recoñecido como igual ou superior ao 33 %.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL

A ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

ORZAMENTO	
Dirección proxecto (1 asalariado, 3 meses, 6 h/día) - Nóminas: 3.460,26 € - Seguridade social: 1,447,32 €	4.907,58 €
Consumos e servizos básicos: Electricidade, auga, teléfono e internet, póliza do seguro do local, material de oficina e taxas do lixo	800,00 €
Contratacións externas: Asesoramento técnico, fiscal e laboral (inclúe xestión laboral e fiscal dos 3 meses)	3.500,00 €
Contratacións externas: Material, publicidade e promoción do proxecto - Realización das unidades didácticas e adaptacións curriculares: 5.000,00 € - Deseño do material para o alumnado: Bolis, carpetas e demais material formativo: 2.000,00 € - Xornada de presentación do proxecto: publicidade, cartelería, plóter, envío convites, etc.: 1.000,00 €	8.000,00 €
- Alugueiro local (último trimestre 2015)	2.700,00 €
TOTAL	19.907,58 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **15.926,06 €**, o que representa unha porcentaxe do 80,00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0611/23121/481** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3.No caso de que a ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

Logo da sinatura deste convenio e acreditando previamente a constitución de fianza suficiente, poderase expedir por adiantado ata o 50 por 100 da subvención concedida. A fianza ou aval deberá cubrir o importe total da cantidade anticipada máis un vinte por cento en concepto de xuros moratorios.

A ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

Non será posible expedir un pago anticipado se a ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, finalizado o prazo previsto, non se presentara a xustificación correspondente.

Para a recepción dos fondos anticipados, a ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL deberá ter unha conta bancaria co título "Fondos para atender á actividade...". Con cargo á dita conta bancaria deberán efectuarse todos os cobros e pagamentos que correspondan á actividade ou investimento subvencionado. Un extracto dos movementos da conta deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán ser executadas entre o 1 de outubro do ano 2015 e o 31 de decembro do ano 2015.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do 31 de maio de 2016.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO

CARAMIÑAL queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle, en todo caso, audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á

Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de outubro de 2015, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de xullo de 2016**

2.Para o caso de que a ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 31 de maio de 2016**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano 2016. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día _____ de _____ de _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

6. APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “MELLORA DA INTERSECCIÓN NA DP 5403 GÁNDARA A SANTA CECILIA PK 1,370, NO CONCELLO DE NARÓN, INCLUÍDA NO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2015. CÓDIGO 15.1100.0034.0

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta Deputación na sesión ordinaria do 27 de marzo de 2015, polo que se aprobou a 2ª fase do Plan de conservación de vías provinciais 2015, na que se inclúe a obra que máis adiante se indica

Logo de ver o proxecto modificado desta obra, redactado polos servizos técnicos provinciais encargados da súa dirección, e a demais documentación técnica na que se xustifican as variacións de medicións recollidas no proxecto modificado, que representan un incremento do seu orzamento inferior ao 10 % do proxecto inicial, e que conta coa conformidade do contratista adxudicatario.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña

ACORDA:

Aprobar o proxecto modificado da obra “Mellora da intersección na DP 5403 Gándara a Santa Cecilia PK 1,370”, no Concello de Narón, código 15.1100.0034.0, incluída na 2ª fase do Plan de conservación de vías provinciais 2015, aprobada polo Pleno da Deputación na sesión realizada o 27 de marzo do 2015, que supón un incremento do seu orzamento inferior ao 10 % do orzamento do proxecto inicial, segundo se detalla a continuación:

Código	Denominación	Orzamento contrata	Orzamento adxudicación
15.1100.0034.0	Mellora da intersección na DP 5403 Gándara a Santa Cecilia PK 1,370	86.610,69	61.415,64
15.1100.0034.1	Modif. mellora da intersección na DP 5403 Gándara a Santa Cecilia PK 1,370	7.935,33	5.626,94
TOTAL		94.546,02	67.042,58

O incremento da achega provincial a esta obra financiarase con cargo á partida 0410/4531/61900 do vixente orzamento provincial do 2016.”

7. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN 2737/2016 DO 3 DE FEBREIRO DE 2016 POLA QUE SE APROBA A MODIFICACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CLUB ESGRIMA CORUÑA PARA FINANCIAR O PROXECTO ESGRIMA CONECTA

O Pleno toma coñecemento da Resolución 2737/2016, do 3 de febreiro de 2016, pola que se aproba a modificación do texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Esgrima Coruña para financiar o Proxecto Esgrima Conecta.

8. MODIFICACIÓN DO PRAZO DE CESIÓN DE USO DO LOCAL DO EDIFICIO DA MILAGROSA, RELATIVO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN ODONTOLOXÍA SOLIDARIA, PARA A CESIÓN DUN LOCAL DE 152 M² NO EDIFICIO DA MILAGROSA PARA A INSTALACIÓN DA CLÍNICA DENTAL 4º MUNDO DA FUNDACIÓN, E DESENVOLVER A ATENCIÓN, POR PROFESIONAIS VOLUNTARIOS/AS, EN MATERIA DE SAÚDE BUCODENTAL, A PERSOAS EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SOCIAL DE TODA A PROVINCIA DA CORUÑA

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Modificar a cláusula terceira do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Odontoloxía Solidaria para a cesión dun local de 152 m² no Edificio da Milagrosa para a instalación da clínica dental de 4º mundo da Fundación e desenvolver a atención por profesionais voluntarios/as, en materia de saúde bucodental a persoas en situación de exclusión social de toda a provincia da Coruña, asinado o 10.11.2011 e formalizado en documento administrativo 209/2011, relativa ao prazo de cesión do uso, que queda redactada do seguinte modo:

“O prazo de cesión de uso do local será de seis anos, como máximo, a contar desde o 27 de abril de 2015. Non obstante, a Deputación, en calquera momento e en función das súas necesidades, poderá deixar sen efecto a autorización de uso, cun aviso previo de 3 meses, e sen que por este motivo teña dereito a Fundación Odontoloxía Solidaria a indemnización ningunha, coa obriga de devolver os bens en perfecto estado de conservación.”

2. Formalizar en documento administrativo a citada modificación.

“Modificación da cláusula 3ª do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Fundación Odontoloxía Solidaria para a cesión dun local de 152 m² no Edificio da Milagrosa para a instalación da clínica dental de 4º mundo da Fundación e desenvolvemento da atención por profesionais voluntarios/as, en materia de saúde bucodental, a persoas en situación ou risco de exclusión social de toda a provincia da Coruña.

Na Coruña, de dous mil dezaseis

REUNIDOS

Dunha parte, D. Xesús Manuel Soto Vivero, en nome e representación da entidade Deputación Provincial da Coruña, con sede na Avda. Alférez Provisional núm. 2, 15006 A Coruña e CIF P1500000C, en virtude da resolución da Presidencia núm. 15671 do 27 de xullo de 2015 modificada pola núm. 16642 do 30 de xullo de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

Doutra, D. Albert Cabestany, con NIF , presidente da Fundación Odontoloxía Solidaria (CIF G-81833667), designado como tal na reunión do Padroado da Fundación do de de

Ambos os facultados para a sinatura do presente convenio en nome e representación das devanditas entidades, en virtude das facultades que lles confiren respectivamente os artigos 21 e 34 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en relación cos artigos 61 e 105 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración local de Galicia.

EXPOÑEN

1. O 28 de outubro de 2011 o Pleno da Corporación adoptou o acordo de aprobación definitiva do expediente de cesión de uso do local do Edificio da Milagrosa asignado á Fundación Odontoloxía Solidaria.

2. O 10 de novembro de 2011 formalízase no documento administrativo número 209/2011 o convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Fundación Odontoloxía Solidaria para a cesión dun local de 152 m² no edificio da Milagrosa para a instalación da Clínica Dental de 4º Mundo da Fundación e desenvolvemento da atención por profesionais voluntarios/as, en materia de saúde bucodental a persoas en situación ou risco de exclusión social de toda a provincia da Coruña, de maneira que quedan definidas no citado convenio as obrigas e os dereitos das partes.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Modificación do obxecto

A redacción da cláusula terceira do convenio formalizado co número 209/2011 queda redactada do seguinte modo, de conformidade co acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión celebrada o _____:

“O prazo de cesión de uso do local será de seis anos, como máximo, que se contarán desde o 27 de abril de 2015. Non obstante, a Deputación, en calquera momento e en función das súas necesidades, poderá deixar sen efecto a autorización de uso, cun aviso previo de 3 meses, e sen que por este motivo teña dereito a Fundación

Odontoloxía Solidaria a indemnización ningunha, coa obriga de devolver os bens en perfecto estado de conservación.

O deputado provincial

O presidente da Fundación Odontoloxica Solidaria

D. Xesús M. Soto Vivero

D. Albert Cabestany”

9. APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2016

INTERVENCIÓNS

Sr. Requeira Varela

Penso que ben merece unha pausa para falar minimamente deste plan, xa hai anos que o Estado retirou os fondos cos que participaba nos Plans de obras e servizos da Deputación da Coruña, non obstante, as diferentes administracións desta Deputación foron mantendo uns importantes recursos económicos para achegar aos concellos para obras e servizos municipais.

Eu, antes de nada, quería agradecer ao persoal da Deputación, ao persoal de Plans e de Intervención a súa implicación e o seu traballo e tamén as horas que, fóra da súa xornada laboral, investiron para que hoxe esteamos en disposición de aprobar todas as obras e todos os investimentos propostos polos concellos da provincia. Estamos falando de vinte e catro millóns e pico de euros que, por primeira vez desde que empezou a crise, os concellos van investir maioritariamente en obras e esta vez menos en gasto corrente, e polo tanto estamos falando de 210 licitacións de obras da provincia que van servir, sobre todo, para manter emprego e para incluso se se pode xerar algún emprego máis, que é unha boa nova. Nada máis e moitas grazas.

ACORDO

O Pleno, por unanimidade acorda:

“Logo de ver as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016, aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión realizada o 8 de outubro de 2015 e publicadas no BOP nº 196 de 14 de outubro de 2015.

Vistos os proxectos e demais documentación relativos á anualidade 2016 do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal que foron presentados telematicamente polos respectivos Concellos no marco da circular que lles foi remitida en outubro de 2015.

1. Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) do ano 2016, cuxo resumo de cifras globais dos dous apartados nos que se estrutura é o que se indica a continuación e cuxa relación de actuacións figuran no Anexo I (POS - investimentos) e no Anexo II (POS - gastos correntes) a este acordo.

		POS 2016		
		FINANCIAMENTO DESAGREGADO		
APARTADO	PARTIDA	DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL
POS- gastos correntes	0430 / 4592/ 46201	6.252.906,81 €	0,00€	6.252.906,81 €
POS- Investimentos: obras e subministracións	0430/ 4592 / 76201	17.947.090,63 €	746.385,55 €	18.693.476,18 €
	TOTAIS	24.199.997,44 €	746.385,55 €	24.946.382,99 €

2. Aprobar os proxectos das obras e subministracións incluídas no apartado POS - investimentos. Non obstante, a aprobación definitiva dos investimentos que no Anexo I teñen indicadas condicións suspensivas, queda condicionada ao seu cumprimento, segundo se detalla no citado Anexo I.

3. Aprobar o Plan complementario ao apartado POS - investimentos, no que se inclúen as obras e subministracións que se detallan no Anexo III a este acordo. Estas obras e subministracións teñen carácter supletorio e financiaranse con cargo aos remanentes que se puidesen xerar por anulacións de proxectos ou baixas de licitación, así como polos suplementos de crédito que se poidan aprobar, de forma que a súa aprobación definitiva queda condicionada a que efectivamente se produzan os ditos remanentes.

Aprobar, así mesmo, os proxectos das obras e subministracións incluídas no Plan complementario. Non obstante, a aprobación definitiva das obras e subministracións que no Anexo III teñen indicadas condicións suspensivas, queda condicionada ao seu cumprimento, segundo se detalla no citado anexo.

4. A contratación das obras e subministracións incluídas no apartado POS - investimentos realizarase polos respectivos Concellos, de acordo coas instrucións que figuran nas Bases reguladoras deste plan.

5. Dispor o pagamento, con carácter de prepagable, aos Concellos que optaron por destinaren unha parte da cantidade asignada no POS 2016 ao financiamento dos seus gastos correntes previstos para o exercicio 2016 cuxa relación e importe a transferir figuran no Anexo II a este acordo.

O dito pagamento realizarase con cargo á partida 0430/4592/46201, de acordo cos datos contables que figuran no informe de Intervención a este expediente.

6. Dispor a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.
7. Remitir o expediente para o informe da Subdelegación do Goberno en Galicia para os efectos previstos no artigo 29.2) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.
8. Remitir o expediente para o informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais.
9. Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local a efectos da coordinación prevista na Lei 5/1997 de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
10. Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión para informe, sen que se presentasen reclamacións ou alegacións, poderán proseguir as actuacións.”

POS - 2016
Expediente de aprobación do Plan provincial de cooperación
ás obras e servizos de competencia municipal (POS - 2016)

Anexo I:

Concello	Denominación	DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL	CONDICIÓN
ABEGONDO	REPAR. CMÑOS NAS PRRQS. DE LEIRO E VIZOÑO	61.974,80	0,00	61.974,80	
	REPARACION CMÑOS NA PRRQ. DE MONTOUTO	71.715,93	0,00	71.715,93	
	TOTAL	133.690,73	0,00	133.690,73	
AMES	GRADAS CUBERTAS CAMPO FÚTBOL MILLADOIRO	91.536,56	0,00	91.536,56	
	SANEAMENTO EN CASTRIGO (ORTOÑO)	287.698,90	0,00	287.698,90	Autorización de Augas de Galicia
	PAVIMENT. ALDEA DA MÁMOA (TAPIA) E BARREIRO	59.771,71	0,00	59.771,71	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
	CMÑO. CRUXEIRAS, CONTORNA IGREXA AMES E OU.	64.872,11	0,00	64.872,11	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
	TOTAL	503.879,28	0,00	503.879,28	
ARANGA	FORMACIÓN DE BEIRARRÚAS NA CASTELLANA	126.191,77	0,00	126.191,77	
	REPARACION DE ARCENES NA CASTELLANA	45.423,09	0,00	45.423,09	
	MELLORA PAVIMENT. NA PARROQ. DE VILARRASO	30.039,95	0,00	30.039,95	
	TOTAL	201.654,81	0,00	201.654,81	
ARES	AMPLIACIÓN REDE ABASTEC. EN CERVÁS III FASE	76.846,04	0,00	76.846,04	
	TOTAL	76.846,04	0,00	76.846,04	

ARTEIXO	RENOV. REDE AUGA POTABLE TRAV. DE MEICENDE	549.527,99	154.123,43	703.651,42	
	TOTAL	549.527,99	154.123,43	703.651,42	
ARZÚA	CAMIÑO DE BRANZÁ- FOLLENZA-REMESIL	79.621,57	0,00	79.621,57	
	PAVIMENTACIÓN EN SALMONTE	44.579,49	0,00	44.579,49	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
	CAMIÑO DE VILLANTIME-VILASUSO	48.715,70	0,00	48.715,70	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
	SINALIZ.VERTICAL. PRRQS. BURRES E PANTIÑOBBRE	62.446,77	0,00	62.446,77	
	TOTAL	235.363,53	0,00	235.363,53	
BAÑA (A)	PAV. V. P. EN DUOMES DE ARRIBA	58.743,98	0,00	58.743,98	
	PAV. V. P. SAN CIBRÁN-CHANTADA-ESPIÑO E OUT.	43.087,54	0,00	43.087,54	
	PAV. CRUCE CANTALARRANA-VILAR DA TORRE E OU.	32.589,70	0,00	32.589,70	
	TOTAL	134.421,22	0,00	134.421,22	
BERGONDO	SAN.REBOREDO, ACC. PRAIA GANDARÍO E MESOIRO	95.616,85	81.053,64	176.670,49	
	TOTAL	95.616,85	81.053,64	176.670,49	
BETANZOS	MELL.PISTAS POLID. ANGUSTIAS, CONDESA E OU.	82.964,90	2.915,25	85.880,15	
	MELLORA VIAS PUBLICAS DO CARREGAL E GALERA	61.217,76	2.150,55	63.368,31	Autorización de Augas de Galicia Autorización do Ministerio de Fomento Autorización Consellería M. Ambiente e Ordenación do Territorio
	3ª FASE. INTERVENCIÓN NO LAVADOIRO PUBLICO	38.639,37	1.358,23	39.997,60	Autorización de Augas de Galicia Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural Ratificación polo Pleno da aprobación do proxecto corrixido
	ACOND. MUSEO MARIÑAS, ESCOLA INFANTIL E OU.	56.163,00	1.975,01	58.138,01	
	TOTAL	238.985,03	8.399,04	247.384,07	

BOIMORTO	MELL.CMÑOS. PRRQ.SAN .PEDRO DE BRATES E OU.	49.478,53	0,00	49.478,53	
	MELLORA.CMÑOS. PRRQ. BOIMORTO, ARCEO E OU.	48.450,84	0,00	48.450,84	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
	TOTAL	97.929,37	0,00	97.929,37	
BOIRO	PAVIMEN. ACCESOS TRIÑÁNS E BELLES DE ARRIBA	123.202,73	2.478,40	125.681,13	
	PLUVIAIS E PAVIM. EN PREGUISA E POMARDORRÍO	133.094,46	2.677,39	135.771,85	
	PLUVIAIS E PAVIMENTO EN COSTADAL	120.871,98	2.431,51	123.303,49	
	TOTAL	377.169,17	7.587,30	384.756,47	
BOQUEIXÓN	CAMIÑO DE TROITOMIL A PISTA (LESTEDO) E OU.	53.577,01	0,00	53.577,01	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
	CAMIÑO MONTE CIMA DA ALBOYA (LAMAS) E OUT.	53.475,25	0,00	53.475,25	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
	TOTAL	107.052,26	0,00	107.052,26	
BRIÓN	MANT. E MELL.PISTAS NA ALDEA DE GOIÁNS E O.	86.388,61	0,00	86.388,61	
	MANT. BEIRARRÚA PRRQ. DE BASTAVALES E OUT.	31.782,83	0,00	31.782,83	
	TOTAL	118.171,44	0,00	118.171,44	
CABANA DE B.	MANT. E REP. ESTRADA CARBALLAL, NEAÑO E OU.	73.328,12	0,00	73.328,12	
	MANT. E REP. ESTR. FOLGOSO-DENELLON E OU.	73.447,42	0,00	73.447,42	
	TOTAL	146.775,54	0,00	146.775,54	
CABANAS	PAVIMENTACION RUA DA FONTE	46.740,80	0,00	46.740,80	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
	PAVIMENT. VIAIS CAMIÑO DA PEDREIRA E OUTROS	45.097,93	0,00	45.097,93	
	TOTAL	91.838,73	0,00	91.838,73	

CAMARIÑAS	SAN., PLUV. E PAV. ADXAC. MUÍÑO DO VENTO E OU.	65.567,38	0,00	65.567,38	Ratificación polo Pleno da aprobación do proxecto corrixido
	SANEAM., PLUV. E PAV. TRAVESÍA MUÍÑO DO VENTO	65.937,01	0,00	65.937,01	Ratificación polo Pleno da aprobación do proxecto corrixido
	TOTAL	131.504,39	0,00	131.504,39	
CAMBRE	MELL. REDE VIARIA PRRQS. CECEBRE, BRIBES E O.	203.544,91	0,00	203.544,91	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural Ratificación polo Pleno da aprobación do proxecto corrixido
	TOTAL	203.544,91	0,00	203.544,91	
CAPELA (A)	PAVIMENT. CAMIÑO DE CANCELA GRANDE A SANDE	62.746,70	0,00	62.746,70	
	TOTAL	62.746,70	0,00	62.746,70	
CARBALLO	REPARACIÓN VIAIS NAS PRRQ. DE NOICELA E VILELA	211.718,31	0,00	211.718,31	
	REPARACION VIAIS NA PARROQUIA DE BÉRTOA	244.590,73	998,14	245.588,87	
	REPARACION DOS VIAIS NAS PRRQ. DE RAZO E OZA	208.686,92	0,00	208.686,92	
	TOTAL	664.995,96	998,14	665.994,10	
CARNOTA	SANEAMENTO E PLUVIAIS EN VILAR DE CARNOTA	55.696,77	0,00	55.696,77	
	REDE DE PLUVIAIS NA PEDRA LARIÑO	79.317,61	0,00	79.317,61	
	PAVIMENTAC. CAMIÑO DE CARNOTECLA A CARNOTA	36.190,62	0,00	36.190,62	Autorización de Servizo de Urbanismo da Xunta de Galicia Autorización Servizo Conservación Natureza Xunta de Galicia
	TOTAL	171.205,00	0,00	171.205,00	
CARRAL	MELL. VIAIS E SEG. PARQUE EMPRES. DOS CAPELOS	77.258,77	0,00	77.258,77	
	MELLORA ESTRADA ABRIGOSA-FONTE MOURA	32.633,93	0,00	32.633,93	

	MELLORA DE ESTRADA MUNICIPAL EN BULLEIROS	32.899,44	0,00	32.899,44	
	TOTAL	142.792,14	0,00	142.792,14	
CEDEIRA	INSTALAC.DE DÚAS PISTAS DE PÁDEL CUBERTAS	148.209,42	0,00	148.209,42	
	CONSTRUC. NICHOS NO CEMENTERIO MUNICIPAL	56.184,23	0,00	56.184,23	Autorización de Servizo de Urbanismo Xunta de Galicia
	TOTAL	204.393,65	0,00	204.393,65	Ratificación Pleno inclusión proxecto no plan Informe da Consellería de Sanidade
CEE	ADECUACIÓN ESTRADA DE CABALERIZA A CANOSA	124.663,32	0,00	124.663,32	
	TOTAL	124.663,32	0,00	124.663,32	
CERCEDA	CMÑO. PEDREGAL-SABUGUEIRO-CRA. LAGOA E OU.	59.973,98	0,00	59.973,98	
	ESTRADA DA SILVA A VILARBELLO E OUTROS	54.369,55	0,00	54.369,55	
	MELL. PAV, CMÑO. PAO DO LOBO A LAGOA E OUTRO	61.774,51	0,00	61.774,51	
	CAMIÑO EN MORZÓS (ENCROBAS) E OUTRO	77.876,00	0,00	77.876,00	
	TOTAL	253.994,04	0,00	253.994,04	
CERDIDO	ESTRADA AO PORTO -A BARQUEIRA E OUTROS	57.765,56	0,00	57.765,56	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
	TOTAL	57.765,56	0,00	57.765,56	Ratificación polo Pleno da aprobación do proxecto modificado
COIRÓS	ILUMINACIÓN PUBLICA EN FIGUEIRAS E OUTROS	94.609,10	0,00	94.609,10	Ratificación polo Pleno da aprobación do proxecto corrixido
	TOTAL	94.609,10	0,00	94.609,10	
CORCUBIÓN	MELL. REDE SANEAM. CONTOR. PRAZA CASTELAO	55.635,15	0,00	55.635,15	Autorización de Servizo de Urbanismo Xunta de Galicia

Autorización da Axencia Galega de Infraestruturas

	TOTAL	55.635,15	0,00	55.635,15	
CORISTANCO	MELL.CMÑS. EN ERBECEDO, S.PAIO,FERREIRA E O. SUBMINISTRO DUN TRACTOR E COMPLEMENTOS	106.391,75	0,00	106.391,75	
		75.020,00	0,00	75.020,00	
	TOTAL	181.411,75	0,00	181.411,75	
CORUÑA (A)	MELL. EFIC.ENERX. ILUM. PÚBLI. RONDA DE NELLE	166.682,39	62.062,87	228.745,26	
	TOTAL	166.682,39	62.062,87	228.745,26	
CULLEREDO	AFORRO E MELL. EFIC. ENERX. PRRQ. DE CASTELO	58.481,57	6.517,32	64.998,89	Ratificación polo Pleno municipal do cambio de financiamento
	LUMINARIAS LED NA 1ª FASE DO PASEO MARÍTIMO	66.084,45	7.364,62	73.449,07	Ratificación polo Pleno municipal do cambio de financiamento
	RENOV. REDE AUGA NA R/ DOS PEREIRO S E OU.	113.070,52	12.600,86	125.671,38	Ratificación polo Pleno municipal do cambio de financiamento
	INST.REDE SAN. EN PEIRO DE ABAIXO (CP3109) E O.	79.246,49	8.831,42	88.077,91	Autorización do Ministerio de Fomento Ratificación polo Pleno municipal do cambio de financiamento
	ACONDICIONAMIENTO DAS NAVES MUNICIPAIS	122.695,23	13.673,45	136.368,68	Ratificación polo Pleno municipal do cambio de financiamento
	PAVIMENT. RÚAS NO VILACHO - CELAS DE PEIRO	42.845,56	4.774,81	47.620,37	Ratificación polo Pleno municipal do cambio de financiamento
	TOTAL	482.423,82	53.762,48	536.186,30	
CURTIS	PAV. CMÑS. PRRQS. FISTEUS, FOXADO E S.EULALIA	112.611,09	0,00	112.611,09	
	TOTAL	112.611,09	0,00	112.611,09	
DODRO	INTERIORES EN CASTRO-SUR E OUTROS	57.999,98	0,00	57.999,98	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
	TOTAL	57.999,98	0,00	57.999,98	

DUMBRÍA	SANEAMENTO EN FORCADO (ÉZARO)	81.320,25	0,00	81.320,25	
	ACCESO A VILAR DE BUXANTES	43.209,75	0,00	43.209,75	
	TOTAL	124.530,00	0,00	124.530,00	
FENE	SANEAM. LAGARTEIRA - ORRA - RAÑO A (SILLOBRE)	139.926,36	0,00	139.926,36	Autorización da Deputación
					Autorización de Augas de Galicia
					Autorización de ENAGÁS
	PAV.BARALLOBRE E MANIÑOS E ILU. MAGALOFES	42.226,52	0,00	42.226,52	Autorización da Agencia Estatal de Seguridad Aérea
					Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
	PAVIMENT. ESTRADA LARAXE DESDE AREOSA	30.035,07	0,00	30.035,07	Autorización de REGANOSA
	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA RÚA TRAVESA	36.840,02	0,00	36.840,02	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
	TOTAL	249.027,97	0,00	249.027,97	
FERROL	SEGURIDADE VIAL ESTRADA S.FELIPE OPCIÓN 2	77.179,83	0,00	77.179,83	Ratificación polo Pleno da aprobación do proxecto modificado
	AGLOMERADO DE ESTRADA A VILABUIDE AGLOMER. CMÑO. AREALBA-FONTAÍÑA (S.XURXO)	106.297,74	0,00	106.297,74	
		77.548,22	0,00	77.548,22	
	TOTAL	261.025,79	0,00	261.025,79	
FISTERRA	MELLORA DO CAMIÑO DA INSUA-FISTERRA	75.890,00	0,00	75.890,00	
	TOTAL	75.890,00	0,00	75.890,00	
FRADES	MELLORA DE CAMIÑOS EN GAFOI, LEDOIRA E AÑÁ.	65.473,35	0,00	65.473,35	
	MELL. CMÑOS. DE LEDOIRA A PONTEBRATES E OU.	91.531,83	0,00	91.531,83	
	TOTAL	157.005,18	0,00	157.005,18	

IRIXOA	MELLORA PAVIMEN. PARRQ. DE AMBROA E A VIÑA	50.376,72	0,00	50.376,72	
	MELL. PAV. PRRQ. CHURÍO, VERÍS, CORUXOU E OU.	43.042,73	0,00	43.042,73	
	TOTAL	93.419,45	0,00	93.419,45	
LAXE	AMPL. INST. DEPORTIVA PARA SALA DE XIMNASIO	123.396,45	0,00	123.396,45	Autorización Axencia Galega de Infraestruturas
	TOTAL	123.396,45	0,00	123.396,45	
LARACHA (A)	MELLORA CMÑS. PRRQ. GOLMAR E MONTEMAIOR	80.191,88	0,00	80.191,88	Autorización de Augas de Galicia Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
	MELL. CMÑS. PQ. CABOVILAÑO, CAIÓN, COIRO E OU.	100.311,60	0,00	100.311,60	Autorización de Augas de Galicia Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
	TOTAL	180.503,48	0,00	180.503,48	
LOUSAME	ACCESO A BERRIMES	66.769,81	0,00	66.769,81	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
	INTERIORES EN SILVARREDONDA	36.030,15	0,00	36.030,15	
	TOTAL	102.799,96	0,00	102.799,96	
MALPICA DE B.	PAV. EN POZACAS, FILGUEIRA, CASTRO, LEILOIO E O.	33.287,31	0,00	33.287,31	
	MELLORA INFRAEST. NA TRAVESIA DA CAMUZA	59.508,43	0,00	59.508,43	
	CONSERV. E MANT. FIRME EN ESCARAS, MENS E OU.	54.118,82	0,00	54.118,82	
	TOTAL	146.914,56	0,00	146.914,56	
MAÑÓN	CMÑO. DE SAN FIZ AO PEIRAO (O BARQUEIRO) E O.	37.023,83	0,00	37.023,83	
	ACCESO A VIVENDAS SOCIAIS E OUTROS	86.207,22	0,00	86.207,22	
	TOTAL	123.231,05	0,00	123.231,05	

MAZARICOS	MELL. CMÑOS. ALBORÉS, ANTES, BEBA, COIRO E O.	121.127,17	0,00	121.127,17	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
	MELL. SAN. MUNDÍN E NA REDE ABAST. MUNICIPAL	49.936,82	0,00	49.936,82	Ratificación polo Pleno da aprobación do proxecto corrixido
	TOTAL	171.063,99	0,00	171.063,99	Ratificación polo Pleno da aprobación do proxecto corrixido
MELIDE	SENDA PEONIL E MELLORA DA PAV. NAS CAZALLAS	106.947,24	0,00	106.947,24	
	MELLORA PAVIMENT. ACCESOS A FURELOS E OUT.	78.177,39	0,00	78.177,39	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
	TOTAL	185.124,63	0,00	185.124,63	
MESÍA	PONTE SOBRE O RÍO SAMO EN MESÍA	91.529,01	0,00	91.529,01	
	CAMIÑO EN FONTORTO (BOADO) E OUTRO	36.813,32	0,00	36.813,32	
	TOTAL	128.342,33	0,00	128.342,33	
MIÑO	PAVIMENT.CAMIÑOS DE TORRE A CORREDOIRA	76.668,21	1.248,77	77.916,98	
	PAV. E PLUV.PERBES, BOLLO, VIGO, BRA E MIÑO	102.311,00	1.882,12	104.193,12	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
	TOTAL	178.979,21	3.130,89	182.110,10	
MOECHE	PAV. CMÑOS. LAVANDEIRA-ABADE, ACC. S, XIAO E O.	49.047,99	0,00	49.047,99	Autorización de Augas de Galicia
	PAVIMENTACIÓN DA PISTA DA PONTENOVA E OUT.	47.502,99	0,00	47.502,99	Autorización de Augas de Galicia
	TOTAL	96.550,98	0,00	96.550,98	
MONFERO	MELL. CMÑOS. PRRQ. TABOADA, VAL XESTOSO E O.	136.827,05	0,00	136.827,05	
	TOTAL	136.827,05	0,00	136.827,05	

MUGARDOS	SANEAM. NO PENSO E MELL.ABAST E SAN. ESTEIRO	86.463,46	12.168,81	98.632,27	Autorización de Augas de Galicia Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural Informe vinculante do Instituto de Estudos do Territorio
	AMPL. ABASTEC. NO VILAR E ESTACIÓN DE FRANZA	57.642,31	14.273,44	71.915,75	Autorización de ADIF Autorización Axencia Galega de Infraestruturas
	TOTAL	144.105,77	26.442,25	170.548,02	
MUXÍA	ACONDICIONAMENTO ACCESO LUGAR AGRANZÓN	119.660,94	5.594,78	125.255,72	
	ACOND. ACCESOS FIGUEIRAS DE ABAIXO E OU.	43.009,58	0,00	43.009,58	
	PAVIMENTACION CMÑOS. INTERIORES EN MEREXO	74.242,99	0,00	74.242,99	
	ACONDICIONAMENTO ACCESO A RAPOSA E OUTRO	43.425,52	0,00	43.425,52	
	TOTAL	280.339,03	5.594,78	285.933,81	
MUROS	MELL. INFRAEST. HIDRAULICAS NA ROCHA. SERRES	246.937,60	36.907,78	283.845,38	Ratificación polo Pleno da aprobación do proxecto corrixido
	TOTAL	246.937,60	36.907,78	283.845,38	
NARÓN	PAV.CMÑS. POMBIÑA, A CHOUSA, S,CLEMENTE E O.	87.814,09	9.757,12	97.571,21	
	REF.RODADURA CMÑOS.DOSO, PEDROSO E SEDES	76.001,37	8.444,60	84.445,97	Ratificación polo Pleno da aprobación do proxecto corrixido
	REF. RODADURA CMÑOS. CASTRO, SAN XIAO E OU.	88.677,63	9.853,07	98.530,70	Ratificación polo Pleno da aprobación do proxecto corrixido
	PAVIMENTACIÓN EN CAMIÑOS DO VAL E SAN MATEO	65.989,20	7.332,13	73.321,33	
	MELL. DRENAXES EN DOSO, PEDROSO E S. MATEO	30.464,55	3.384,95	33.849,50	
	TOTAL	348.946,84	38.771,87	387.718,71	

NEDA	PAV.CMÑOS. VILAR, SUBIDA A ANCOS E FORXA, E O.	68.638,45	0,00	68.638,45	
	TOTAL	68.638,45	0,00	68.638,45	
NEGREIRA	FORMIGONADO PISTAS NEGREIROA, BELLALTA E O.	58.381,15	0,00	58.381,15	
	ASF. PISTAS DE BOUZAS A ZAS, MARCELLE E OU.	96.195,20	0,00	96.195,20	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
	TOTAL	154.576,35	0,00	154.576,35	
NOIA	REDE DE SANEAMENTO SEPARATIVA NA BARQUIÑA	264.932,00	0,00	264.932,00	Ratificación polo Pleno da aprobación do proxecto corrixido
	TOTAL	264.932,00	0,00	264.932,00	
OLEIROS	APARCADOIRO EN PRAIA DE NAVAL	133.584,68	57.250,58	190.835,26	Autorización da Demarcación de Costas en Galicia Autorización do Servizo de Urbanismo da Xunta de Galicia
	REFORMA SEMISOTO ESCOLA MUNICIPAL DANZA	195.538,42	83.802,18	279.340,60	
	TOTAL	329.123,10	141.052,76	470.175,86	
ORDES	CAMIÑO NO PIÑEIRO (MERCURIN) E OUTROS	97.579,46	0,00	97.579,46	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
	CAMIÑO EN HEDRA (ARDEMIL) E OUTROS	97.528,30	0,00	97.528,30	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
	CAMIÑO DE N-550 A FOSADO (MONTAOS) E OUTROS	87.090,71	0,00	87.090,71	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
	CMÑ. DA BARCULA-VISANTOÑA (VILAMAIOR) E OU.	121.045,82	0,00	121.045,82	
	TOTAL	403.244,29	0,00	403.244,29	
OROSO	ADECENTAMENTO CALZADA DA RÚA DA TOSCA	54.692,58	0,00	54.692,58	

	MELL. V. ARDERÍS - CASTIÑEIRO REDONDO, FASE II	65.337,47	1.469,20	66.806,67	Autorización de Augas de Galicia Ratificación polo Pleno da aprobación do proxecto corrixido
	MELL. VIAIS VILANOVA E VILACIDE DE ABAIXO E OUT.	37.467,06	0,00	37.467,06	
	MELL. V.VILALBARRO E SIGÜEIRO, O EMPALME E OU.	45.391,84	0,00	45.391,84	Autorización de Augas de Galicia Autorización do Ministerio de Fomento Autorización Área Industria e Enerxía da Delegación Goberno
	REDE ABASTEC. DA IGREXA ATA A GARABANXA	39.190,42	3.053,02	42.243,44	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
	TOTAL	242.079,37	4.522,22	246.601,59	
ORTIGUEIRA	REXENER. PISTAS EN LOIBA, CELTIGOS E OUT.	104.894,56	0,00	104.894,56	
	AGLOM,VIAIS LADRIDO, BARBOS,SENRA, MERA E O.	115.795,64	0,00	115.795,64	
	TOTAL	220.690,20	0,00	220.690,20	
OUTES	HUMANIZACIÓN NA FAMELGA E OUTROS HUMANIZACIÓN NO NÚCLEO DE ALBEIDA E OUTR.	52.669,80	0,00	52.669,80	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
		56.966,09	0,00	56.966,09	
	HUMANIZACIÓN EN SACIDO E OUTROS	44.377,43	0,00	44.377,43	
	TOTAL	154.013,32	0,00	154.013,32	
OZA-CESURAS	AGLOMERADO DE PARADA - PONTE DOS CABALOS	91.728,30	0,00	91.728,30	
	AGLOM. CMÑOS. PARROQUIAS DE PARADA E OZA	57.732,33	0,00	57.732,33	
	SANEAMENTO MONDOI - FASE 2	42.707,17	0,00	42.707,17	
	TOTAL	192.167,80	0,00	192.167,80	
PADERNE	MELL.PAV.PRRQ. VIÑAS,VELOUZAS,ADRAGONTE E O.	68.435,91	0,00	68.435,91	Autorización do Ministerio de Fomento

		TOTAL	68.435,91	0,00	68.435,91
					Ratificación polo Pleno da aprobación do proxecto corrixido
PADRÓN	CAMIÑO RIO SAR-EXTRAMUNDI	157.859,37	0,00	157.859,37	
	CAMIÑO TARRIO-HERBÓN	52.697,22	2.945,69	55.642,91	
	TOTAL	210.556,59	2.945,69	213.502,28	
PINO (O)	ESTR. SANTISO A ÁREA RECR, MAGDALENA E OUT.	40.972,78	0,00	40.972,78	
	ESTR. DE BUGALLEIRA A RABAL DE ABAIXO E OUT.	65.777,08	0,00	65.777,08	
	ESTRADA LOCAL DE N-634 A VEIRÁN E OUTROS	46.619,73	0,00	46.619,73	
	ESTR. DE CAMPO A TARROEIRA (BUDIÑO) E OUT.	40.095,44	0,00	40.095,44	
	ESTR. DE N-547 A IGREXA DE SAN BREIXO E OU.	54.777,35	0,00	54.777,35	
	CAMIÑOS INTER. CIMADEVILA (SAN MAMEDE) E OU.	32.231,55	1041,22	33.272,77	
	TOTAL	280.473,93	1.041,22	281.515,15	
POBRA DO C.	ACONDICIO. DE FIRMES FIGUEIRA, A GARITA E OUT.	103.453,67	0,00	103.453,67	Ratificación polo Pleno da aprobación do proxecto corrixido
	TOTAL	103.453,67	0,00	103.453,67	
PONTECESO	REHAB. RÚAS EN CORME-PORTO E PONTECESO	42.044,93	0,00	42.044,93	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
	REHAB. CMÑOS. PAZOS, A CAMPARA E PARDIÑAS	84.940,71	0,00	84.940,71	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
	TOTAL	126.985,64	0,00	126.985,64	
PONTEDEUME	GRADERÍO DE CAMPO DE FUTBOL MUNICIPAL	183.994,20	0,00	183.994,20	Acreditación dispoñibilidade terreos mínimo 10 anos Autorización de Portos de Galicia
	TOTAL	183.994,20	0,00	183.994,20	

PONTES DE G. (AS)	BEIR. R/IRMÁNS TOJEIRO, ALCALDE. J. VILABOY E O.	90.462,55	0,00	90.462,55	Ratificación polo Pleno da aprobación do proxecto corrixido
	MELL. SERV. E PAVIM. POBOADO BARREIRO 4ª FASE	146.207,63	0,00	146.207,63	Autorización de Augas de Galicia
	MELL. SEG. VIAL E SAN. CAMPEIRAS E R/COVELOS	69.950,00	0,00	69.950,00	Ratificación polo Pleno da aprobación do proxecto corrixido
	REHAB. PAVILLON COLEXIO PUB. A MAGDALENA	97.187,33	0,00	97.187,33	Ratificación polo Pleno da aprobación do proxecto corrixido
	REP.ESTR.PAZO,TEIXEDELLOS, CASA DO VENTO E O.	102.201,79	0,00	102.201,79	
	TOTAL	506.009,30	0,00	506.009,30	
PORTO DO SON	BEIRARRÚA RÍO SIEIRA - XUÑO	95.022,61	0,00	95.022,61	Autorización Axencia Galega de Infraestruturas
	BEIRARRÚA NO MARIÑO-PORTOSÍN	80.210,00	0,00	80.210,00	Autorización Axencia Galega de Infraestruturas
	BEIRARRÚA QUEIRUGA A PEDRAFURADA	70.650,00	0,00	70.650,00	Autorización Axencia Galega de Infraestruturas
	BEIRARRÚAS EN AVDA. CONSTITUCIÓN-PORTOSÍN	38.900,00	0,00	38.900,00	Autorización Axencia Galega de Infraestruturas
	TOTAL	284.782,61	0,00	284.782,61	
RIANXO	SANEAM. E ABAST. AUGA EN OUTEIRO ASADOS	93.276,95	0,00	93.276,95	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
	SANEAMENTO EN AS PEDRIÑAS- TARAGOÑA	157.737,31	31.369,02	189.106,33	
	TOTAL	251.014,26	31.369,02	282.383,28	
RIBEIRA	PAVIMENT. E PLUVIAIS RÚA MIÑOTEIRO. PALMEIRA	131.505,93	0,00	131.505,93	
	PAVIMENTACION DE CAMIÑOS EN DEÁN GRANDE	71.059,60	0,00	71.059,60	
	SANEAM. E REP. PAVIMENT. EN BRETAL (OLVEIRA)	151.310,34	0,00	151.310,34	Autorización Axencia Galega de Infraestruturas
	RENOV.SERV. E PAV. RÚA PINISQUEIRA (AGUIÑO)	98.732,60	0,00	98.732,60	
	TOTAL	452.608,47	0,00	452.608,47	
ROIS	MELLORA ACCESOS PRRQS. BUXÁN, ROIS E OIN	64.953,86	0,00	64.953,86	
	ACOND. EN SOUTO, PEDRE E PLUVIAIS EN BUXAN	88.317,44	0,00	88.317,44	
	TOTAL	153.271,30	0,00	153.271,30	

SADA	PAVIM. CMÑO. DE SEIXEDA A FRAGA, PRRQ. OSEDO	89.879,44	0,00	89.879,44	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
	PAVI. ACCESIBILIDADE C. DE FUTBOL AS MARIÑAS	81.200,70	0,00	81.200,70	Autorización de Augas de Galicia Ratificación polo Pleno da aprobación do proxecto corrixido
	MELLORA SERV.AUGA E SANEAMENTO DE VEIGUE	39.950,46	0,00	39.950,46	
	REMODO. PARQUE INFANTIL EN SOUTO DA IGREXA	39.999,49	0,00	39.999,49	
	TOTAL	251.030,09	0,00	251.030,09	
SAN SADURNIÑO	PAV. CMÑS. DE REGUEIRO CAVADO- A RIBEIRA, E O.	46.048,93	0,00	46.048,93	
	PAV.CMÑ.MOIMENTOS-GOLPILLEIRA,O ALBEIRO E O	58.645,15	0,00	58.645,15	Autorización de Augas de Galicia
	TOTAL	104.694,08	0,00	104.694,08	
SANTA COMBA	CMÑO.GULDRÍS A RIEIRO, DE OUTEIRO A TAPIA E O.	215.467,14	0,00	215.467,14	Ratificación polo Pleno da aprobación do proxecto corrixido
	TOTAL	215.467,14	0,00	215.467,14	
SANTIAGO DE C.	MELL. PAVIMENT. NAS PRRQ. BUSTO E MARANTES	180.251,87	0,00	180.251,87	Autorización do Ministerio de Fomento
	MELL. PAV. PRQS. ENFESTA, VILLESTRO, E O EIXO	171.695,43	0,00	171.695,43	Autorización do Ministerio de Fomento Autorización de ADIF Autorización Axencia Galega de Infraestruturas Autorización de Augas de Galicia Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
	MELL. PAV. S. CRISTINA DE FECHA, GRIOXA E OU.	204.932,36	0,00	204.932,36	Autorización de ADIF Autorización Axencia Galega de Infraestruturas
	TOTAL	556.879,66	0,00	556.879,66	
SANTISO	CMÑS.INTERIORES EN BARAZÓN E OUTROS	33.989,41	0,00	33.989,41	

	CMIÑS. INTERIORES CARBALLIDO (PEZOBRE) E OUT,	37.073,50	0,00	37.073,50	
	CAMIÑO EN CASARES E OUTRO	38.527,86	0,00	38.527,86	
	TOTAL	109.590,77	0,00	109.590,77	
SOBRADO	AGLOMER. VIAIS EN CUMBRAOS, ROADE E OUTROS	83.454,67	2.438,34	85.893,01	Ratificación polo Pleno da aprobación do proxecto corrixido
	ASF. VIAIS EN CODESOSO, A CIADELLA, PORTA E OU.	31.770,79	0,00	31.770,79	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
	TOTAL	115.225,46	2.438,34	117.663,80	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
SOMOZAS (AS)	SENDA PEONIL EN CARBALLO	30.054,79	0,00	30.054,79	
	SENDA PEONIL DE GARITA O FOXO ILUM. ENTRE OS LUGARES DE CABAZA E IGLESIA	33.353,43	0,00	33.353,43	Ratificación polo Pleno da aprobación do proxecto corrixido
	TOTAL	93.410,07	0,00	93.410,07	
TEO	PAV. ABAST. SAN. ILUM. VILELA E A IGREXA, RARIS.	300.000,00	32.159,44	332.159,44	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural Ratificación polo Pleno da aprobación do proxecto corrixido
	AFIR. E ACONDIC. VIAIS EN BUSTELO E FREIXEIRO	73.210,65	22.623,04	95.833,69	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural Ratificación polo Pleno da aprobación do proxecto corrixido
	TOTAL	373.210,65	54.782,48	427.993,13	
TOQUES	CAMIÑO PONTE DA PEDRA O PIÑEIRO E OUTRO	85.498,65	0,00	85.498,65	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
	TOTAL	85.498,65	0,00	85.498,65	
TORDOIA	CAMIÑO BUÑO - ESCOLA DE BELVÍS (NUMIDE)	31.699,07	0,00	31.699,07	
	PRAZA EN SANTAIA (GORGULLOS) E OUTROS	38.371,45	0,00	38.371,45	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
	CAMIÑO TAÑE - SEIXÁN (CABALEIROS) E	39.544,60	0,00	39.544,60	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural

	OUTROS				
	CAMIÑO EN PAZOS (ANDOIO) E OUTROS	32.391,22	0,00	32.391,22	
	TOTAL	142.006,34	0,00	142.006,34	
TOURO	CAMIÑO INTERIOR EN GOLETA (LOXO) E OUTROS	78.854,13	0,00	78.854,13	
	CAMIÑO INTERIOR EN BARRIDO (BESEÑO) E O.	95.116,02	0,00	95.116,02	
	TOTAL	173.970,15	0,00	173.970,15	
TRAZO	PAV. CMÑS. PQS. RESTANDE, MONZO E XAVESTRE	63.706,88	0,00	63.706,88	
	PAV. CMÑOS PQS. BERREO, TRAZO, CHAIÁN E OU.	157.061,30	0,00	157.061,30	Ratificación polo Pleno da aprobación do proxecto corrixido
	TOTAL	220.768,18	0,00	220.768,18	Autorización de Augas de Galicia
VALDOVIÑO	REFORMA BIBLIOTECA E OUT. CASA DA CULTURA	117.745,83	0,00	117.745,83	
	TOTAL	117.745,83	0,00	117.745,83	
VAL DO DUBRA	ACCESO AO AGRO DE VILAR E OUTROS	90.366,97	0,00	90.366,97	Autorización de Augas de Galicia
	ACCESO Ó DEPÓSITO AUGA POUSADA (RIAL) E OU.	103.817,59	0,00	103.817,59	Autorización de Augas de Galicia
	TOTAL	194.184,56	0,00	194.184,56	
VEDRA	URBANIZACIÓN NA TORRE-SAN XIÁN DE SALES	98.369,93	27.787,91	126.157,84	
	TOTAL	98.369,93	27.787,91	126.157,84	
VILASANTAR	ACOND.CMÑ.CONCHOVELLO,CURRÁS,RAÍDO E O.	77.512,01	0,00	77.512,01	
	TOTAL	77.512,01	0,00	77.512,01	

VILARMAIOR	MELLORA DE VIAIS EN GRANDAL E VILARMAIOR	51.768,91	1.611,44	53.380,35	
	TOTAL	51.768,91	1.611,44	53.380,35	
VIMIANZO	MELL. ACCESO E CUBERTA DA CASA CONCELLO	33.393,73	0,00	33.393,73	
	AULA NATUREZA ÁREA RECREATIVA PRESA DO VAL	125.768,07	0,00	125.768,07	
	ÁREA RECRE. CONTORNA MUÍÑO DAS PASANTES	31.500,00	0,00	31.500,00	
	TOTAL	190.661,80	0,00	190.661,80	
ZAS	AGLOMERADO DE ZAS A ARTÓN	147.274,85	0,00	147.274,85	Autorización de Augas de Galicia
	TOTAL	147.274,85	0,00	147.274,85	
CARIÑO	REHAB. TALLER DO FERREIRO PARA LOCAL SOCIAL	143.908,48	0,00	143.908,48	Autorización da Dirección Xeral de Conservación da Natureza
	TOTAL	143.908,48	0,00	143.908,48	

TOTAL	17.947.090,63	746.385,55	18.693.476,18
--------------	----------------------	-------------------	----------------------

NÚMERO DE CONCELLOS	93
----------------------------	-----------

NÚMERO DE OBRAS	210
------------------------	------------

POS - 2016

Expediente de aprobación do Plan provincial de cooperación

ás obras e servizos de competencia municipal (POS - 2016)

ANEXO II - Gastos correntes

CONCELLO	SUBVENCIÓN APLICADA GASTOS CORRENTES	CONCELLO	SUBVENCIÓN APLICADA GASTOS CORRENTES
ABEGONDO	127.000,00	MESÍA	95.733,94
ARANGA	15.223,71	MOECHE	25.000,18
ARES	61.022,54	MONFERO	136.827,04
ARZÚA	126.734,21	NARÓN	259.817,02
A BAÑA	103.770,37	NEDA	68.639,26
BERGONDO	95.616,84	NEGREIRA	154.576,35
BOIMORTO	97.918,59	OLEIROS	183.383,23
BOQUEIXÓN	107.053,13	ORTIGUEIRA	200.000,00
BRIÓN	117.631,89	OUTES	102.675,54
CABANA DE B.	85.572,70	OZA-CESURAS	192.167,80
CABANAS	44.942,30	PADERNE	68.435,90
CAMARIÑAS	43.064,67	POBRA DO C.	98.651,80
CAMBRE	195.103,34	PONTECESO	126.985,64
CAPELA (A)	62.746,70	PONTEDEUME	6.401,24
CARRAL	45.447,14	ROIS	79.669,39
CEDEIRA	34.526,71	SADA	19.736,80
CERDIDO	57.765,56	SAN SADURNIÑO	99.526,64
CEE	83.108,89	SANTA COMBA	215.467,13
COIRÓS	20.000,06	SANTISO	82.935,64
CORCUBIÓN	17.569,87	SOBRADO	115.000,00
CORISTANCO	141.152,13	SOMOZAS (AS)	82.754,18
CURTIS	112.611,08	TOQUES	85.498,65
DODRO	57.977,69	TORDOIA	103.971,37

DUMBRÍA	124.527,99	TOURO	100.000,00
FERROL	4.317,25	VALDOVIÑO	117.745,83
FISTERRA	59.041,64	VAL DO DUBRA	48.546,16
FRADES	37.636,90	VEDRA	98.000,00
IRIXOA	56.051,66	VILARMAIOR	51.768,91
LAXE	11.570,87	VILASANTAR	61.098,17
LARACHA (A)	169.922,28	VIMIANZO	188.017,93
LOUSAME	97.041,86	ZAS	146.985,34
MALPICA DE B.	52.108,77	CARIÑO	9.915,28
MAÑON	40.000,00		
MAZARICOS	170.118,43	TOTAL	6.252.906,81
MELIDE	151.076,68	Nº DE CONCELLOS	67

POS - 2016

Expediente de aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS - 2016)

Anexo III: Obras Plan Complementario

Concello	Denominación	TOTAL	Condições
ABEGONDO	REP. CMÑO. C. DE NOSA SRA. DA SALETA-PRESEDO A XUANZO	47.199,85	
AMES	CAMIÑO DE POUSADA A CAPELA DE SAN XOANCIÑO E OUTRO	52.061,36	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
	CAMIÑO DE OCA A IGREXA SANEAMENTO NO NÚCLEO DE SUSAVILA DE CARBALLO	126.365,32 92.889,93	Autorización de Augas de Galicia Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
ARANGA	MELLORA DA PAVIMENTACIÓN NA ESTRADA DE CABBÁS	55.971,59	
ARES	MELLORA DEPÓSITO DE AGUA RÚA MAR DO NORTE	35.009,10	
ARTEIXO	SANEAMENTO NA PARROQUIA DE ARMENTÓN. FASE II	222.368,85	Autorización de Augas de Galicia Autorización Axencia Galega de Infraestruturas
ARZÚA	CAMIÑO VILASUSO-CASTAÑEDA	30.172,18	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
A BAÑA	PAVIMENTACIÓN VIAS PÚBLICAS EN BARRO	35.083,16	
BETANZOS	PAV. XOAN GARCIA NAVEIRA, BRAXE-BETANZOS O VELLO E OU.	120.976,04	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural Autorización do Ministerio de Fomento

BOQUEIXÓN	CMÑO. DO CRUCEIRO DE POUSADA A CAMPO DA FESTA E OU.	36.058,06	
CABANAS	PAVIMENTACIÓN DE VIAIS MUNICIPAIS: CAMIÑO DA NAVEIRA	40.655,18	Autorización do Ministerio de Fomento
CAMBRE	MELL.ILUM. PÚB. PRRQS. DE ANCEIS, BREXO, CAMBRE E OU.	62.471,49	Autorización de Augas de Galicia Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural Autorización do Ministerio de Fomento Ratificación polo Pleno da aprobación do proxecto corrixido
CARBALLO	REP.VIAIS SECUND.NAS PRRQ.DE LEMA E REBORDELOS	153.902,63	
CARNOTA	PAVIMENTACIÓN E REDE PLUVIAIS ACCESO A PORTOQUILMAS	31.411,15	
CEDEIRA	PAVIMENTACIÓN CAMINOS EN VILARCAY Y MEIZOSO INSTALACIÓN DE REDE SEN FÍOS EN NÚCLEOS RURAIS	32.743,14 43.570,31	Autorización de Augas de Galicia Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural Ratificación polo Pleno da inclusión do proxecto no plan Autorización da Deputación provincial Supervisión técnica favorable
CEE	ADECUACIÓN DE RÚAS EN GURES	30.225,30	
CERCEDA	MELLORA CAPA DE RODAXE CRUCE ABAIXO EN SAN VICENZO	48.606,95	
CORISTANCO	SUBM. TRITURADORA DESBROZADORA DE TRACTOR	42.350,00	
CULLEREDO	R. SANEAM. R/ CANABAL, A. REBOREDO E CONSTITUCIÓN	90.401,70	
CURTIS	PAV. CMÑ. DE MURADELA A SANCIBRA (FOXADO)	35.146,34	
FERROL	AGLOMERADO CAMIÑO DAS CABAZAS-PEDRA BLANCA	53.131,25	
MALPICA DE B.	ILUM. PÚBLICA EN PIÑEIRO, FEIRA NOVA, POZACAS E O.	33.290,33	
MAZARICOS	MELL. VIAIS NAS PRRQ. ANTES, BEBA, COIRO E COLÚNS	38.720,16	Ratificación polo Pleno da aprobación do proxecto corrixido
MELIDE	REDE DE PLUVIAIS NA RÚA VICENTE RISCO E OUTROS,	30.139,84	Aprobación polo Pleno do orzamento correcto do proxecto
MESÍA	CAMIÑO HACIA AS VIRTUDES (LANZÁ) E OUTROS	36.428,56	
MIÑO	AFIRMADO DO CAMIÑO DA RIBEIRA EN BAÑOBRE	39.674,98	Autorización de ADIF Autorización Consellería M. Ambiente e Ordenación Territorio
MONFERO	ACOND. CMÑOS. DE PIÑEIRO A PONTE GOENTE E OU.	36.818,57	
MUGARDOS	PAVIMENTACIÓN RÚA FRANCISCO YÁÑEZ	94.483,49	
NEDA	PAVIMENT. NAS RUAS PIÑEIROS, LAGARETA E OUTRA	30.003,97	
NOIA	CUBERTA DEPOSITOS DECANTACIÓN DA ETAP	30.991,11	Supervisión técnica favorable
ORDES	CMÑO. BAIXA AO CRUCE PISTA DO MESÓN-BUSCÁS (ARDEMIL)	30.101,81	
OROSO	MELLORA DE REDE VIARIA O CRUCEIRO-OS MARIÑEOS	35.525,42	
ORTIGUEIRA	RECOLLIDA DE AUGAS PLUVIAIS NA PISTA DO BARRAL	30.069,08	

OUTES	HUMANIZACIÓN NO NÚCLEO DE MIRÁS (VALADARES)	37.572,12	Ratificación polo Pleno da aprobación do proxecto corrixido
OZA-CESURAS	AGLOMERADO DE PISTA EN CARRACEDA. PRRQ. DE OZA	31.117,62	
PADERNE	MELLORA DE PAVIMENT. NO CAMIÑO FRANCÉS-SAN PEDRO	31.426,16	
PADRÓN	REPARACION CAMIÑO RIBADULLA Y CORRAL	35.979,07	
PONTEDEUME	CUBRECOLECTORES DE LIXO EN CAMPOLONGO E CENTROÑA	30.048,85	Autorización de Augas de Galicia Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural Autorización de ADIF Autorización da Axencia Galega de Infraestruturas Autorización do Ministerio de Fomento Autorización do Instituto da Paisaxe e do Territorio Ratificación polo Pleno da inclusión do proxecto no plan Acreditación dispoñibilidade terreos mínimo 10 anos
	SUBSTITUCIÓN CUBERTA POLIDEPORTIVO "A CASQUEIRA"	203.208,13	
PONTES G.R. (AS)	MELLORA SERVIZ. E PAVIM. NO POBOADO DA FRAGA 4ª FASE	117.349,60	
PORTO DO SON	BEIRARRÚA EN CAAMAÑO	63.250,00	Autorización Axencia Galega de Infraestruturas
	BEIRA. ENTRE AS RÚAS REDEIRAS E SARDIÑEIRA - PORTOSÍN	38.700,00	Autorización Axencia Galega de Infraestruturas
RIBEIRA	AMPL. REDE DE SANEAM. E PAVIMENT. EN FRÍONS (CARREIRA)	62.260,27	
ROIS	AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO EN VILACHÁN - SABACEDO	94.160,64	
	ACONDICIONAMENTO DE PISTA EN FORMARIS- A CHISCA	64.702,87	
SADA	REPARACION CUBERTA PAVILLÓN MUNICIPAL	30.000,00	Autorización de Augas de Galicia Ratificación polo Pleno da aprobación do proxecto corrixido
SANTA COMBA	ACCESOS A RECAREY, CAMIÑO DE LOUREIRO GRANDE E OU.	40.938,76	Ratificación polo Pleno da aprobación do proxecto corrixido
SANTIAGO DE C.	MELL. PAVIMENTOS PRRQS. SABUGUEIRA, FIGUEIRAS E OU.	212.274,09	Autorización do Ministerio de Fomento Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural
SANTISO	CIRCUNVALACIÓN EN MOURAZOS E OUTRO	46.294,70	
	CAMIÑO DO PIÑEIRO E OUTROS	30.147,22	
TEO	AFIRMADO. E ACONDIC. VIAIS EN OUTEIRO, FEROS E SOLLÁNS	151.251,13	Autorización da Dirección Xeral Patrimonio Cultural Ratificación polo Pleno da aprobación do proxecto corrixido
TOQUES	INTERIORES EN SAMIL (VILAMOR) E OUTRO	50.751,36	
VAL DO DUBRA	MELLORA DO FIRME NO ACCESO A PORTOMEIRO	32.276,12	
VIMIANZO	REFORMA ILUMINACIÓN PÚBLICA EXTERIOR CONCELLO	35.000,00	
	TOTAL	3.423.726,91	
	TOTAL AYUNTAMIENTOS	49	
	TOTAL OBRAS	56	

10. APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “MELLORA DO FIRME NA ESTRADA DE ORDES A CERCEDA POR VIRÍS ENTRE O P.Q. 6+500 E O LÍMITE MUNICIPAL”, DO CONCELLO DE ORDES, COFINANCIADO POLA DEPUTACIÓN A TRAVÉS DO CONVENIO DE COLABORACIÓN 96/2015

O Pleno, por unanimidade acorda:

“Logo de ver o acordo do Pleno desta corporación do 24 de abril de 2015, polo que se aproba, entre outros, o convenio de colaboración co Concello de Ordes para o financiamento da obra que máis adiante se indica.

Logo de aprobar o Concello de Ordes un proxecto modificado desta obra, mediante acordo da Xunta de Goberno Local o 23 de decembro de 2015, logo dos correspondentes informes técnicos e xurídicos.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, e entender que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2. Aprobar o proxecto modificado da obra que deseguido se indica, cofinanciado por esta Deputación a través do convenio de colaboración 96/2015, aprobado polo Pleno na sesión do 24 de abril de 2015, que non representa unha variación no seu orzamento respecto do proxecto técnico inicial, aínda que si variacións nas súas partidas e no seu contido:

Concello	Nº convenio	Denominación	Deputación Fondos propios	Concello	Orzamento Total
Ordes	96/2015	Mellora do firme na estrada de Ordes a Cerceda por Virís entre o P.Q. 6+500 e o límite municipal	193.362,74 €	48.340,68 €	241.703,42 €

3. Condicionar a aprobación definitiva deste proxecto á incorporación dos remanentes do exercicio anterior para os efectos de que se consigne na partida 0430/4532/76201 do vixente orzamento provincial crédito suficiente para o financiamento da achega provincial a esta obra.”

11. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E COSTA DA MORTE ASOCIACIÓN TURÍSTICA C.M.A.T. PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO DA COSTA DA MORTE.

O Pleno, por unanimidade acorda:

“1. Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación deste expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo, queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 17 de decembro de 2015.

2. Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3. Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a Costa da Morte Asociación Turística C.M.A.T. CIF G70446810, para o financiamento do proxecto Desenvolvemento turístico da Costa da Morte.

4. A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 64.000 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 53,33 %.

5. A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/481 prevista no vixente orzamento provincial.

6. Facultar ao Sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

7. Dado que a vixencia do presente convenio comeza no exercicio anterior, procederase á recuperación do crédito existente no orzamento do exercicio 2015 e anulado a 31 de decembro, mediante expediente de modificación de crédito tramitado a través do Pleno.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Costa da Morte Asociación Turística C.M.A.T.

Na Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Valentín González Formoso, como presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña.

Doutra parte, o Sr. D. Eduardo J. Parga Veiga, con DNI núm. 52 432 014 H, en representación da Costa da Morte Asociación Turística C.M.A.T.

1. Que a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Costa Da Morte Asociación Turística C.M.A.T. consideran de grande interese público, económico e social para a provincia darlle continuidade á consolidación do destino Costa da Morte e fortalecer un ente de xestión público-privado que permita o desenvolvemento turístico coordinado. Esta aposta firme polo sector turístico suporá un aumento no nivel de emprego, no crecemento económico do turismo, así como o desenvolvemento doutros sectores económicos do territorio que se beneficiarán directa e indirectamente do turismo na zona. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Costa da Morte Asociación Turística C.M.A.T. as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Costa da Morte Asociación Turística C.M.A.T. CIF G70446810, para o financiamento do proxecto “Desenvolvemento turístico da Costa da Morte”.

II. Orzamento de gastos da actividade que se vai realizar

A Costa da Morte Asociación Turística C.M.A.T. levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Servizo de contratación da secretaría técnica	30.000,00 €
Servizo de contratación da comunicación audiovisual	43.400,00 €
Servizo de contratación de promoción	6.600,00 €
Comunicación web e apps	40.000,00 €
TOTAL	120.000,00 €

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 64.000,00 euros, o que representa unha porcentaxe de 53,33 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 53,33 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, estará financiada con cargo a recursos (propios ou alleos), sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/432.1/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito abondo e sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Costa da Morte Asociación Turística C.M.A.T. obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación e execución

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Costa da Morte Asociación Turística C.M.A.T. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Costa da Morte Asociación Turística C.M.A.T., nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Costa da Morte Asociación Turística C.M.A.T. deberá solicitarlles polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando esta non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a Costa da Morte Asociación Turística C.M.A.T. tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. Publicidade do financiamento provincial

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Costa da Morte Asociación Turística C.M.A.T.

VI. A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á Costa da Morte Asociación Turística C.M.A.T., unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscripta polo representante legal da Costa da Morte Asociación Turística C.M.A.T., xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsión deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A Costa da Morte Asociación Turística C.M.A.T. deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula oitava.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas, polo menos, tres meses antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Costa da Morte Asociación Turística C.M.A.T. deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta

no prazo máximo dun mes contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Costa da Morte Asociación Turística C.M.A.T. para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Costa da Morte Asociación Turística C.M.A.T. da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Costa da Morte Asociación Turística C.M.A.T. na documentación achegada. E se tivesen transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos cobrar o importe que lle corresponda, a Costa da Morte Asociación Turística C.M.A.T. terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1. A Costa da Morte Asociación Turística C.M.A.T. deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsabel expedida autorizada polo órgano competente, ben mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que os obteña telematicamente.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. A Costa da Morte Asociación Turística C.M.A.T. destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata

150€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Costa da Morte Asociación Turística C.M.A.T. deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Costa da Morte Asociación Turística C.M.A.T. poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Costa da Morte Asociación Turística C.M.A.T. queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia á persoa interesada.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para o que lle será de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Costa da Morte Asociación Turística C.M.A.T. seranlle remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Para alén diso, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Costa da Morte Asociación Turística C.M.A.T. será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devindicados desde o día 31 de marzo de 2015 ata o 31 de maio do ano 2016, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devindicados con anterioridade á dita data, e conservará a súa vixencia ata o día 31 de agosto do ano 2016, sempre e cando exista crédito suficiente no orzamento.

2. Para o caso de que a Costa da Morte Asociación Turística C.M.A.T. non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación antes do día 1 de xullo de 2016, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, por medio dunha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá concederlle a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que

a Costa da Morte Asociación Turística C.M.A.T. perderá o dereito ao cobramento do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicaráselle a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións, nomeados polo presidente da Deputación e polo de Costa da Morte Asociación Turística C.M.A.T., respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ___ E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asínano en exemplar cuadruplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Deputación

O representante da Costa da Morte
Asociación Turística C.M.A.T.

D.Valentín González Formoso

D. Eduardo J. Parga Veiga”

12. APROBACIÓN DO INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA A 31/01/2016 E PROXECCIÓN AO 31/12/2016

O Pleno, por unanimidade acorda:

“1. Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria a 31 de xaneiro de 2016, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos, Estudos e Asistencia Económica, adscrito á Intervención provincial.

2. Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

3. Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un plan económico-financieiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2016, xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevividas e imprevisibles que excedesen do fondo de continxencia dotado para o exercicio.

4. Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando sexa necesario, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.”

13. APROBACIÓN DA INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO A PROVEDORES AO QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DO 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO MES DE XANEIRO DE 2016

O Pleno, por unanimidade acorda:

“1. Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pagamento a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial e no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento para o mes de xaneiro de 2016.

2. Unha vez remitida a información ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, acórdase a súa publicación na páxina web da Deputación Provincial da Coruña.”

14. APROBACIÓN DO INFORME DO ESTADO DE EXECUCIÓN DOS INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES APROBADOS NOS EXERCICIOS 2014 E 2015

O Pleno, por unanimidade acorda:

“Tomar coñecemento do informe da Intervención sobre o estado de execución dos investimentos financeiramente sostibles aprobados nos exercicios 2014 e 2015, para darlle cumprimento ao establecido na disposición adicional décimo sexta do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.”

15. TOMA DE COÑECEMENTO DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2015 E APROBACIÓN DA SÚA REMISIÓN A OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (11 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (Marea Atlántica)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños e a abstención de Marea Atlántica, acorda:

21. Tomar coñecemento da aprobación da liquidación do orzamento e do informe sobre a avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria correspondente ao exercicio 2015.

2. Remitirlle copia da liquidación á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma en cumprimento ao establecido no apartado 5 do artigo 193 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

3. Remitirlle a información prevista na Orde EHA/468/2007, do 22 de febreiro, pola que se establecen as condicións xerais e o procedemento para a presentación telemática da liquidación dos orzamentos das entidades locais e da información adicional requirida para darlle cumprimento á Orde HAP/2082/2014, na aplicación efectiva do principio de transparencia no ámbito de estabilidade orzamentaria, e á Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.”

16. TOMA DE COÑECEMENTO DA INFORMACIÓN, RELATIVA Á EXECUCIÓN DO ORZAMENTO NO CUARTO TRIMESTRE DE 2015, RENDIDA AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS EN CUMPRIMENTO DA ORDE HAP/2082/2014, DO 7 DE NOVEMBRO, POLA QUE SE MODIFICA A ORDE HAP/2105/2012, DO 1 DE OUTUBRO, POLA QUE SE DESENVOLVEN AS OBRIGAS DE SUBMINISTRACIÓN DE INFORMACIÓN ESTABLECIDAS NA LEI ORGÁNICA 2/2012, DO 27 DE ABRIL, DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SOSTIBILIDADE E SE APROBA A SÚA PUBLICACIÓN

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.Tomar coñecemento da información remitida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento do disposto na Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

2.Poñer á disposición de calquera persoa interesada lexítima a información obtida a través da páxina de Internet da Deputación Provincial. Dispor que se publique na páxina web a documentación referenciada no apartado anterior, para xeral coñecemento.”

17. RENUNCIA DE DON CARLOS NEGREIRA SOUTO Á SÚA CONDICIÓ DE DEPUTADO PROVINCIAL

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Tomar coñecemento da renuncia á súa condición de deputado provincial, presentada por don Carlos Negreira Souto.

2. Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.

3. Poñer en coñecemento da Xunta Electoral Central a vacante existente, aos efectos da substitución prevista no artigo 208 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, coa indicación de que lle corresponde cubrir a devandita vacante a don Manuel Rivas Caridad, primeiro suplente dos deputados provinciais elixidos polo Partido Popular no Partido Xudicial da Coruña nas eleccións locais de 2015, tal e como figura na certificación emitida pola Xunta Electoral da Zona da Coruña.”

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

I. MOCIÓN DE APOIO Á PLATAFORMA GALEGA POLO DEREITO AO ABORTO DA CORUÑA

A Plataforma Galega polo Dereito ao Aborto da Coruña entregou o 20 de xullo do ano 2015, no rexistro do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, un escrito dirixido á súa xerencia e ás directoras médica e de enfermaría, no que describía:

- Como debería de ser a atención ás mulleres que teñen un aborto no 2º trimestre da xestación, segundo os protocolos internacionais (Conferencia Internacional sobre Poboación e Desenvolvemento, O Cairo 1994 e a revisión posterior en Nova York 1999).
- Como non se estaban a cumprir os mínimos que marcan os protocolos, polo que instaba ás autoridades responsábeis a que tomasen as medidas oportunas para garantiren unha atención integral e de calidade na atención ás mulleres que precisaban un aborto no 2º trimestre do seu embarazo.

Despois de case sete meses sen resposta da Administración, esta Plataforma fixo unha denuncia ante os medios de comunicación, concentrándose diante do CHUAC, na que rexistraron centos de escritos que instaban as autoridades sanitarias a adoptaren un protocolo que garanta a atención especializada ás mulleres.

Nos días posteriores á mobilización, foron moitos os testemuños de mulleres que denunciaron violencia obstétrica non só na área sanitaria da Coruña, senón noutros puntos do país.

Por estes motivos, o Pleno da Deputación da Coruña

ACORDA

1. Instar o SERGAS á apertura dunha investigación respecto de cal foi a atención prestada ás mulleres que precisaron dun aborto de máis de 14 semanas por causas médicas, tanto aquelas que tiveron o expulsivo (parto) na habitación de ingreso, como as que foron derivadas a un centro privado de Madrid.

2. Demandar que as mulleres dispoñan dunha atención axeitada, tal e como recollen os protocolos internacionais, garantindo a mesma atención que nun parto (indución, expulsivo e atención posterior en sala axeitada, con posibilidade de anestesia epidural e cuidados de profesionais de xinecoloxía e matrona), incluído o apoio emocional á muller durante todo o proceso, tendo en conta as súas necesidades, inxedanzas e desexos para poder abordar de xeito integral a súa saúde física e psíquica.

3. Esixir que se doten os Concellos do rural (A Laracha, Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cabanas, Camariñas, Carballo, Cee, Cerceda, Coirós, Corcubión, Coristanco, Culleredo, Curtis, Dumbría, Fisterra, Irixoa, Malpica, Miño, Muxía, Oza - Cesuras, Paderne, Ponteceso, Sobrado dos Monxes, Vilarmajor, Vilasantar, Vimianzo e Zas) de profesionais de xinecoloxía no centro de orientación familiar de referencia (dado que dende xaneiro de 2013 non se cubre a praza do COF do Ventorrillo), para garantirlles a atención dos dereitos sexuais e reprodutivos ás mulleres destes trinta Concellos.

4. Instar a creación de dous centros de referencia no país para a atención da Interrupción Voluntaria do Embarazo (IVE), un na zona norte e outro da zona sur, con persoal sanitario especializado, co obxecto de garantir a execución dos protocolos internacionais sobre os Dereitos Sexuais e Reprodutivos -recoñecidos como dereitos humanos- na rede pública de saúde galega.

5. Garantir que as mulleres teñan unha atención integral do aborto nos hospitais públicos, sen que o seu dereito estea subordinado a criterios ideolóxicos como o da obxección de conciencia.

Sra. Sanmartín Rei

Bo día. Comezamos o Pleno facendo unha declaración institucional ao redor da data do 8 de marzo e incluímos aquí tamén unha moción que fala dos dereitos das mulleres, das mulleres que tamén queremos ser cidadás, cidadás con plenos dereitos e un dos dereitos fundamentais é o dereito á saúde, o dereito a poder ter unha vida digna, porque esta moción que se presenta aquí é unha moción que fala da violencia contra as mulleres, dunha violencia da que, ás veces, non sabemos, mais que cómpre, e que hai colectivos, persoas, neste caso unha Plataforma concreta que nos fai chegar as súas peticións, e pensamos que as institucións o que teñen que facer é poñerse ao servizo destes colectivos para intentar apoiar e ver que solucións pode haber.

Esta moción é o froito, o resultado dunha reunión realizada de maneira urxente e proposta pola Deputación da Coruña, concretamente pola área de Servizos Sociais e Igualdade, para coñecer de primeira man, da man da Plataforma Galega polo Dereito ao Aborto da Coruña, a situación que estaba creada respecto da falta de profesionais de apoio e a falta da situación en que estaban realizando abortos euxeñésicos en distintos hospitais moitas mulleres da Coruña, e non só, porque a partir dunhas denuncias iniciais de mulleres da Coruña, de Ferrol, foron saíndo logo de Ourense, de Ribadeo e foron coñecéndose casos que están nos medios de comunicación, casos que ademais nestes momentos pensamos que son moi valentes de mulleres que dan o paso de denunciar, que teñen que abortar moitas veces soas,

que non teñen o apoio debido, que non se cumpren os protocolos internacionais que fan que teñas a mesma atención que durante un parto cando estás obrigada neste caso a abortar, incluíndo tamén, por suposto, non só este apoio senón tamén apoios emocionais.

É por iso que froito desa reunión, dunha reunión á que foron convocados o conxunto dos grupos onde é certo que, pola premura de como foi feito, Compostela Aberta non puido asistir, aínda que nos transmitiu a súa conformidade coas cuestións e de feito asina tamén esta moción, coas cuestións alí formuladas, á que tampouco puido asistir o Partido Popular, que finalmente non asinou a moción, e máis unha moción que ademais é especialmente significativa no caso dos Concellos da Coruña porque hai cuestións que se veñen arrastrando, que xa se saben desde hai tempo, e que queremos tamén poñer de manifesto nestes momentos, que é a falta de persoal de xinecoloxía nos centros de orientación familiar de referencia de trinta concellos do rural da Coruña, que se di pronto, de trinta concellos do rural. É por iso que o que facemos nesta moción é acordar instar ao Sergas a que se abra unha investigación respecto do que aconteceu, que pasa, isto si que é un escándalo, que está acontecendo para que as mulleres teñan que abortar soas, cal é a asistencia que se lles está dando, por que non se cumpren ese protocolos internacionais, esixir que haxa, que se dote a eses concellos do rural de profesionais de xinecoloxía de referencia, que se creen dous centros tamén de referencia no país para a atención da interrupción voluntaria do embarazo, e que se garanta, en xeral, que as mulleres teñan unha atención integral do aborto nos hospitais públicos sen teren que marchar a Madrid a facelo, sen teren que ir moitas veces fóra do país e ademais ao final dicíndolles que lles fan o pagamento e dándolles unhas cantidades miserábeis, mais o certo é que xa o que hai que garantir é que poida ser feito nos hospitais públicos sen estar subordinado a ningunha cuestión ideolóxica, como acontece tamén en ocasións.

Entón, daquela pedimos, xa digo, o Grupo do Partido Socialista Galego e Bloque Nacionalista Galego, Marea Atlántica, Alternativa dos Veciños e Compostela Aberta, o apoio para esta moción, e facemos unha petición tamén para que o Partido Popular se una a esta proposta, xa digo, formulada pola Plataforma Galega polo Dereito ao Aborto da Coruña.

VOTACIÓN DA URXENCIA

Vótase a ratificación da urxencia, que é aprobada por unanimidade.

Sra. Fraga Sáenz

Desde a Marea Atlántica, evidentemente, subscribir todos os puntos desta moción que presentamos estas forzas en nome desta Plataforma queremos destacar o que xa comentou Goretti, a importancia de trasladar esa voz dos movementos sociais, neste caso da Plataforma que foi quen de sacar á luz o que está a acontecer na sanidade pública e o trato que se nos dá ás mulleres, xa que non só polos recortes que vén realizando o Partido Popular, senón polo feito de que esta outra violencia machista, violencia obstétrica, vén sendo exercida por unha clara cuestión ideolóxica, e queremos deixalo claro, igual que é evidente que esta ausencia nesta reunión, e que posiblemente este non apoio a esta moción, responde a cuestións ideolóxicas do

Partido Popular, que é quen está exercendo este tipo de violencia contra nós. Reclamar unha vez máis desde aquí, desde a Marea Atlántica, que queremos un aborto digno e estendelo xa a un aborto libre e gratuíto para todas.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Bo día a todos e a todas. Sorpréndeme o adiamento da nosa posición por parte da portavoz de Marea Atlántica. O Partido Popular non está de acordo na integridade desta moción, vou explicar as razóns porque cremos que se está a realizar dunha cuestión moi delicada un uso político, e tamén que se está faltando á verdade. Nós, e aproveito para solicitar se é posible a votación por puntos, estaríamos de acordo co punto primeiro, co punto segundo e co punto quinto, entre outras razóns porque en primeiro lugar xa está o Sergas realizando a investigación correspondente para determinar se é que existe algún tipo de problema na atención protocolizada das diferentes situacións de abortos por parte das mulleres. En segundo lugar porque, en relación co punto segundo, demanda ese punto que as mulleres dispoñan dunha atención axeitada tal e como recollen os protocolos internacionais, e xa se está a dar esa atención de acordo cos protocolos aprobados polo Sergas, e en terceiro lugar porque a quinta di “Garantir que as mulleres van ter unha atención integral do aborto nos hospitais públicos”, e iso xa está acontecendo.

A atención ás mulleres que realizan interrupcións voluntarias do embarazo nos centros do Servizo Galego de Saúde está debidamente protocolizada, de acordo, obviamente, coas normativas de aplicación a nivel do Estado e a nivel internacional. No manexo destas pacientes interveñen facultativos especialistas en obstetricia e xinecoloxía, persoal de enfermería e auxiliares de clínica. Neste sentido as mulleres acoden, en primeiro lugar, ao Centro de Orientación Familiar, onde asinan un consentimento informado en relación a este procedemento, así, as pacientes son informadas por un médico que lles insiste en aspectos psicolóxicos que poidan estar ligados á interrupción da xestación. Unha vez no hospital, cando chegan a planta, reciben todas as instrucións e recomendacións necesarias por parte de enfermería, o proceso realízase alonxado da Área de Obstetricia, estamos a falar ademais de abortos no segundo trimestre, iso é importante, que aparece recollido na propia moción, e o proceso realízase alonxado da Área de Obstetricia, de dilatación para paritorio, por razóns psicolóxicas en beneficio da paciente, de acordo cos protocolos, volvo repetirles. Ingrésanas nunha habitación individual sempre que é posible, acompañadas por un familiar en todo momento. A utilización de novos fármacos no proceso de dilatación cervical ten acurtado sensiblemente o proceso de expulsión fetal, a analxesia máis empregada nestes casos é a convencional con opiáceos ou derivados destes, con bos resultados, se ben tamén está contemplada a analxesia epidural, nos casos que sexa precisa, de acordo, volvo repetir, cos protocolos aprobados.

O obxectivo principal de todos os sanitarios que acompañan as pacientes que teñen que pasar por esta situación é o seu confort e benestar, tanto físico como emocional. En calquera caso, volvo repetir, o Servizo Galego de Saúde, co fin de garantir os dereitos recollidos pola lei está a levar a cabo unha investigación, que xa se está a levar a cabo, sobre as informacións relativas á falla de atención nos abortos euxenésicos pendentes, e loxicamente cando teñan as conclusións, faranas públicas.

En relación cos puntos da moción números tres e catro, dicir que a asistencia xinecolóxica no Centro de Orientación Familiar do Ventorrillo préstase de forma compartida co de Orillamar onde hai xinecólogos de presenza física, dous.

E en relación ao punto catro onde solicita a creación de dous centros de referencia no país para a atención á interrupción voluntaria do embarazo, dicir que a atención xa está garantida, sen necesidade deses centros. Por iso, se é posible, os Grupos que presentaron a moción aceptan a votación por puntos, votaríamos a favor o punto primeiro, o punto segundo e o punto quinto, e absteríamonos no punto terceiro e no punto cuarto. Moitas grazas.

Sr. Sanmartin Rei

Como esta moción, como comentamos, é o resultado neste caso dunha reunión entre a Plataforma Galega polo Dereito ao Aborto e os Grupos políticos con presenza na Deputación, entendemos que o que facemos aquí é trasladar a moción no seu conxunto, aínda que noutras ocasións puidese ser posible, neste caso a Plataforma Galega polo Dereito ao Aborto comunicámos que quere que se vote de maneira íntegra, porque entenden que todo responde á mesma estrutura, que unhas cuestións e outras están relacionadas.

Sobre o tema realmente de se se cumpren os protocolos ou non, eu creo que hai suficientes testemuñas nestes momentos, que as mulleres que despois de pasar por unha situación deste tipo, que se atrevan a denunciar, dá conta xa de que isto é unha realidade, unha realidade oculta que moitas mulleres non se atreveron a dicir ata que comezou a primeira. Comentar que se ten dúbida do testemuño destas mulleres, eu creo que é algo suficientemente arriscado. Desde logo, hai mulleres que pasaron por situacións absolutamente lamentables, por situacións que imos poñer que rozan no inhumano e que, desde logo que non podemos consentir. Xa digo que cada día estamos coñecendo unha nova, esta non é unha situación que non exista, que parece que é unha excepción que podemos solventar, senón que é unha cuestión de incumprimento claro de protocolos, isto acabará demostrándose porque, xa digo, cada día aparece un testemuño novo, unha persoa nova que sufriu e que tivo que padecer un aborto nunhas condicións absolutamente deplorables.

Por outro lado, no caso do COF, do Centro de Orientación Familiar do Ventorrillo, hai moito tempo que se leva a cabo esta loita para que se dote de persoal e o que acontece é que, claro, desvían a moitas mulleres cara ao centro de Orillamar, que está absolutamente colapsado, se resulta que non hai persoa de referencia no Ventorrillo, dádevos conta que estamos falando de trinta concellos do rural, ou é que pensamos que o rural xa non existe neste país, xa está todo despoboado, trinta concellos, fixédevos que hai concellos aí como Carballo, hai concellos realmente importantes, Betanzos, Camariñas, Curtis, Culleredo, todos eses os que terían que ir. Entendemos que é unha cuestión mínima que existan centros de referencia no país, cando estamos a falar de algo que tamén é un testemuño suficientemente probado, que hai moitas mulleres que, independentemente xa das condicións que tiveron que padecer aquí, tiveron que ir a Madrid, tiveron que desprazarse fóra para poder finalmente ter unha atención adecuada, máis adecuada, ou menos adecuada, máis polo menos seren atendidas por esta causa. Así que mantemos nestes caso a moción no seu conxunto, a votación na súa totalidade.

Sra. Fraga Sáenz

Insistir e reforzar as palabras de Goretti, efectivamente mantemos a moción tal cal, cremos que efectivamente está todo relacionado, que desde 2013 temos un Centro de Planificación no Ventorrillo que non pode facer atención psicolóxica, co cal supón unha saturación ao Centro de Orillamar, que ademais é de xestión compartida entre o Sergas e o Concello da Coruña, e que está totalmente desbordado e aínda así fai unha labor encomiable, que tamén o quería deixar claro. Que, efectivamente, si, adianteime ao voso posicionamento porque creo que o Partido Popular é o culpable de que isto estea pasando, co cal sería bastante hipócrita pola súa banda admitir unha moción como esta, estámoos acusando directamente a vós do trato que están recibindo as mulleres e que hai esas testemuñas de mulleres que están parindo fetos en cuñas de ouriñar, porque se lles pon a medicación e algunhas, ás veces, ata no propio baño teñen que recoller os seus fetos mortos de, efectivamente, máis de catorce semanas, iso é terrible, se non queren escoitar as mulleres, algo que tamén se evidencia bastante neste Pleno coa pouca presenza que temos, por certo, vostedes verán, pero para nós é claramente unha mentira todo o que están dicindo acerca dos protocolos que se cumpren. É evidente que non é así, están pechando os ollos ás declaracións de moitas mulleres, non é unha, non son dúas, e non son só na provincia da Coruña, están acontecendo en moitos máis sitios.

Reiterar que mantemos a moción tal cal e reiterar que a culpa é unha cuestión ideolóxica promovida polo Partido Popular.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Simplemente dicir que creo que hai un interese especial por parte do resto dos Grupos para deixar ao Partido Popular en soidade, a verdade é que nós non dixemos que teñamos acreditado que se estean a cumprir os protocolos, porque precisamente por iso o SERGAS abriu un procedemento de investigación, que dará os resultados que teña que dar e, loxicamente, se existe algún mal funcionamento, quedará acreditado. Nós o que dicimos é que existe un protocolo conforme á normativa internacional e á normativa española, polo tanto, non diga a portavoz de Marea Atlántica o que nós non dixemos, existe un procedemento, o Partido Popular votaría a favor, dígoo tamén para que non se descontextualice o noso posicionamento, votariamos a favor do punto un, do punto dous e do punto cinco, e absteríamonos no punto tres e no punto catro, porque temos información ao respecto de que a atención se realiza de xeito correcto e que non é necesario a creación deses dous centros que vostedes solicitan, se o que queren é amosar algo, polo menos digan a verdade do que acontece neste Pleno, que é que o Partido Popular votaría a favor do punto un, do punto dous e do punto cinco, e que o Partido Popular está de acordo en que se investigue e se determinen responsabilidades, se é que existen, pero que nós saibamos o procedemento está aberto e loxicamente hai que crer que o SERGAS fará o que ten que facer, investigará e determinará as responsabilidades. Moitas grazas.

Sr. Dios Diz

Bo día a todas e a todos. Eu lamento profundamente que o Sr. Hernández se estree de portavoz aquí nesta Corporación dándolle as costas a unha proposta

explícita dunha Plataforma de Mulleres. A min non me parece casual, no fondo, efectivamente, hai razóns profundamente ideolóxicas. Onte escoitamos declaracións de mulleres que a calquera persoa cunha mínima sensibilidade nos espantan, espántanos que estean acontecendo na rede pública. Eu o que lle pediría ao Partido Popular era que escoitara máis ás mulleres e que escoitara menos ás sotanas.

Imos votar favorablemente, de maneira íntegra e non segregada, a esta proposta da Plataforma de mulleres.

Sra. Sanmartin Rei

Unha cuestión menor. Non só unicamente como pon no punto catro se trata da creación de dous centros de referencia para garantir os dereitos sexuais e reprodutivos, que son dereitos humanos, senón tamén dunha cuestión que ten que ver coa sanidade e coa defensa da sanidade pública, que isto se poida facer na sanidade pública e para iso fan falta, por suposto que centros de referencia, e por suposto dotación nos centros de orientación familiar de persoal de referencia. Pensar que todos eses concellos se poden cubrir simplemente co COF de Orillamar non ten ningún sentido, e que isto ten que ver tamén co intento de desmantelamento da sanidade pública e, por iso, aínda que sexa a Plataforma Galega polo Dereito ao Aborto quen o faga e quen o traslade, e teña por suposto non só a lexitimidade, senón o valor de transmitir esas denuncias de moitas mulleres, tamén hai moitos colectivos de profesionais da sanidade que están apoiando isto, porque saben que detrás tamén hai un desmantelamento da sanidade pública e un intento de financiamento doutros tipos de todo o que sexa sanidade privada, está relacionada. Por iso os puntos tres e catro son moi importantes, porque é dotar de instrumentos, dotar de centros, que sexan públicos, para as mulleres poderen ter eses dereitos sexuais e reprodutivos garantidos.

VOTACIÓN

Votan a favor: 18 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 11 deputados (PP)

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, aproba a seguinte moción:

“MOCIÓN DE APOIO Á PLATAFORMA GALEGA POLO DEREITO AO ABORTO DA CORUÑA

A Plataforma Galega polo Dereito ao Aborto da Coruña entregou o 20 de xullo do ano 2015, no rexistro do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, un escrito dirixido á súa xerencia e ás directoras médica e de enfermaría, no que describía:

- Como debería de ser a atención ás mulleres que teñen un aborto no 2º trimestre da xestación, segundo os protocolos internacionais (Conferencia

Internacional sobre Poboación e Desenvolvemento, O Cairo 1994 e a revisión posterior en Nova York 1999).

- Como non se estaban a cumprir os mínimos que marcan os protocolos, polo que instaba ás autoridades responsábeis a que tomasen as medidas oportunas para garantiren unha atención integral e de calidade na atención ás mulleres que precisaban un aborto no 2º trimestre do seu embarazo.

Despois de case sete meses sen resposta da Administración, esta Plataforma fixo unha denuncia ante os medios de comunicación, concentrándose diante do CHUAC, na que rexistraron centos de escritos que instaban as autoridades sanitarias a adoptaren un protocolo que garanta a atención especializada ás mulleres.

Nos días posteriores á mobilización, foron moitos os testemuños de mulleres que denunciaron violencia obstétrica non só na área sanitaria da Coruña, senón noutros puntos do país.

Por estes motivos, o Pleno da Deputación da Coruña

ACORDA

1. Instar o SERGAS á apertura dunha investigación respecto de cal foi a atención prestada ás mulleres que precisaron dun aborto de máis de 14 semanas por causas médicas, tanto aquelas que tiveron o expulsivo (parto) na habitación de ingreso, como as que foron derivadas a un centro privado de Madrid.
2. Demandar que as mulleres dispoñan dunha atención axeitada, tal e como recollen os protocolos internacionais, garantindo a mesma atención que nun parto (indución, expulsivo e atención posterior en sala axeitada, con posibilidade de anestesia epidural e cuidados de profesionais de xinecoloxía e matrona), incluído o apoio emocional á muller durante todo o proceso, tendo en conta as súas necesidades, inxerencias e desexos para poder abordar de xeito integral a súa saúde física e psíquica.
3. Esixir que se doten os Concellos do rural (A Laracha, Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cabanas, Camariñas, Carballo, Cee, Cerceda, Coirós, Corcubión, Coristanco, Culleredo, Curtis, Dumbría, Fisterra, Irixoa, Malpica, Miño, Muxía, Oza - Cesuras, Paderne, Ponteceso, Sobrado dos Monxes, Vilarmar, Vilasantar, Vimianzo e Zas) de profesionais de xinecoloxía no centro de orientación familiar de referencia (dado que dende xaneiro de 2013 non se cubre a praza do COF do Ventorrillo), para garantirlles a atención dos dereitos sexuais e reprodutivos ás mulleres destes trinta Concellos.
4. Instar a creación de dous centros de referencia no país para a atención da Interrupción Voluntaria do Embarazo (IVE), un na zona norte e outro da zona sur, con persoal sanitario especializado, co obxecto de garantir a execución dos protocolos internacionais sobre os Dereitos Sexuais e Reprodutivos -recoñecidos como dereitos humanos- na rede pública de saúde galega.
5. Garantir que as mulleres teñan unha atención integral do aborto nos hospitais públicos, sen que o seu dereito estea subordinado a criterios ideolóxicos como o da obxección de conciencia.”

II. MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR EN DEFENSA DAS DEPUTACIÓN, CABIDOS E CONSELLS INSULARES E EN CONTRA DA SÚA DESAPARICIÓN

O Grupo provincial Popular da Deputación da Coruña, conforme ao disposto no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta ao Pleno da Deputación a seguinte moción:

EN DEFENSA DAS DEPUTACIONES, CABIDOS E CONSELLS INSULARES E EN CONTRA DA SÚA DESAPARICIÓN

Desde o comezo da nosa democracia as Deputacións provinciais, os cabidos e os consellos insulares foron coprotagonistas, como gobernos locais intermedios, da mellora xeral das nosa vilas e cidades, axudando aos municipios a desenvolver as súas competencias e a prestar máis e mellores servizos. O seu obxectivo final foi e é a achega de máis benestar aos cidadáns ofrecendo servizos de calidade que garanten a igualdade de oportunidades, evitando así que haxa cidadáns de segunda e de primeira.

Ao longo de todos estes anos garantiron a permanente asistencia, cooperación xurídica, económica, técnica e de asesoramento dos municipios, facilitando o seu axeitado funcionamento, especialmente dos rurais.

O seu labor de coordinación territorial, de auxilio aos pequenos e medianos municipios, de prestación de servizos de primeira necesidade que non poderían proporcionar moitos municipios por si solos, de impulso de actuacións complementarias en temas de competencia municipal, foi definitiva para a xestión local.

Provincias e municipios, concellos e deputacións, integran unha mesma comunidade política local e comparten uns mesmos intereses, sen relación xerárquica senón de paridade institucional. Son fundamentais para, xerando economías de escala, provocar o abaratamento dos custos e o conseguinte efecto multiplicador dos recursos.

O seu papel é esencial para os pequenos municipios, ata o punto de que a súa supresión abocaría á desaparición de pequenos concellos. E son imprescindibles para combater a despoboación.

As deputacións provinciais, así como as deputacións forais e os cabidos e consellos insulares son verdadeiras administracións territoriais con competencias propias e con autonomía para xestionar os seus intereses, tal e como recoñece a Constitución.

O artigo 141.2 da Constitución encomenda ás Deputacións o Goberno e a administración autónoma das provincias, recoñecidas no seu apartado 1º como entidades locais con personalidade xurídica propia. Así o refrendou o Tribunal Constitucional en diferentes ocasións, definíndoas como “compoñentes esenciais cuxa preservación xúlgase indispensable para asegurar os principios constitucionais”.

Finalmente, son elemento clave para a vertebración nacional, razón pola que a súa eliminación é unha pretensión constante das formacións política nacionalistas.

Ante o coñecemento dun posible acordo entre o Partido Socialista Obrero Español e Ciudadanos que pasaría pola supresión das deputacións provinciais, o Partido Popular quere unha vez máis saír na defensa da existencia das corporacións provinciais e insulares.

Unha defensa das deputacións provinciais que ata hai moi poucas datas era compartida polo Partido Socialista Obrero Español, quen concorriu ás eleccións municipais de 2015 cunha serie de propostas que, lonxe de supoñer a desaparición que agora negocian, reforzábanas para facelas máis modernas, eficaces e transparentes:

PROGRAMA ELECTORAL PSOE MUNICIPAIS 2015

Modernizar as Deputacións Provinciais, facelas máis eficaces e transparentes e poñelas ao servizo dos pequenos municipios, fundamentalmente, para apoiar os investimentos necesarios a través dos plans provinciais e ofrecer unha axeitada cobertura de servizos públicos aos seus veciños e veciñas.

E hai apenas dous meses o Partido Socialista Obrero español insistía na súa defensa destas institucións locais, que agora usa como moeda de cambio:

PROGRAMA ELECTORAL PSOE XERAIS 2015

Modernizar as Deputación Provinciais reformulando o seu papel como espazo de encontro entre os concellos de menos de 20.000 habitantes e dotándoas de competencias prestadoras de servizos que supoñan unha mellora de eficacia e eficiencia respecto aos mesmos servizos prestados polos municipios, sempre con criterios de máxima transparencia, racionalidade e democracia.

Por todo o anterior, o Grupo Provincial Popular na Deputación da Coruña, somete ao Pleno da Corporación Provincial a aprobación dos seguintes acordos:

- 1.Reivindicar o valor institucional das deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares como gobernos que cumpren a misión de cooperar na vertebración territorial e de velar pola igualdade e acceso de todos os cidadáns aos servizos necesarios.
- 2.Esixir ao futuro Goberno da nación que respecte estas institucións para non castigar aos millóns de españois que, baixo o seu amparo, conviven en municipios rurais.
- 3.Valorar que o presente inmediato das deputacións, cabidos e consellos insulares, non pasa pola súa eliminación senón por alcanzar, xunto cos concellos, o obxectivo de dotarse dunhas administracións modernas e eficaces ao servizo dos cidadáns, nas que non se solapen competencias, e que contén co mesmo nivel de calidade e autosuficiencia das demais administracións do Estado.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Bo día outra vez. Parece que, de acordo coa información que teño, en primeiro lugar imos xustificar a urxencia e votar a urxencia.

Neste caso a urxencia queda acreditada pola presentación á opinión pública, de xeito público, dun acordo entre dúas forzas que non son maioritarias neste momento a nivel do Estado, a nivel do Congreso dos Deputados, pero que asinaron un acordo que recolle textualmente a eliminación das Deputacións provinciais, polo tanto estamos ante unha ameaza a esta institución, unha ameaza ou quizais un timo, porque ese acordo pode acabar en nada e, polo tanto, pode ser unha cousa ou a outra, unha ameaza para os traballadores desta institución e tamén, e especialmente, para os pequenos concellos da nosa provincia.

Permítanme, para xustificar a urxencia, vou ser breve, que faga unha reflexión persoal. Eu son funcionario da Xunta de Galicia, nestes momentos en excedencia, pero tiven a honra de ser funcionario dunha Deputación provincial irmá desta, da Deputación de Pontevedra, en todo caso que quede claro que non teño ningún interese persoal posto que xa non teño esa condición, posto que estou en excedencia na Xunta de Galicia, pero precisamente traballando na Deputación de Pontevedra fun testemuña da utilidade destas institucións, da súa necesidade.

É unha estrutura útil, recollida na nosa Constitución, absolutamente necesaria. É evidente, como calquera institución, que é necesario facer algunha reflexión ao respecto do seu papel, respecto dos diferentes niveis que existen na administración do Estado español, pero en todo caso, que mudemos, que cambiemos, que evolucionemos, non significa que rachemos con elas, iso é así. Mudar as deputacións pode ser que para o Partido Socialista sexa crear ese Consello de Alcaldes, por iso digo que iso sería un timo aos cidadáns que poden crer que o Partido Socialista pretende eliminar as deputacións, cambia o nome e todo segue así.

É evidente que é urxente posto que temos ese acordo enriba da mesa, un acordo que, por certo, e vou rematando, vai en contra do programa electoral do PSOE presentado nas municipais de 2015 que dicía textualmente, modernizar as Deputacións provinciais, facelas máis eficaces e transparentes e poñelas ao servizo dos pequenos municipios, fundamentalmente para apoiar os investimentos necesarios a través dos plans provinciais e ofrecer unha adecuada cobertura de servizos públicos aos seus veciños e veciñas. e hai apenas dous meses, o Partido Socialista Obrero Español insistía nesta defensa das institucións locais no programa electoral do vinte de decembro, onde volvía recoller “modernizar as Deputacións provinciais, reformulando o seu papel como espazo de encontro entre concellos de menos de vinte mil habitantes”.

O Grupo Provincial Popular está de acordo absolutamente nesas formulacións, está sorprendido do cambio de posición do Partido Socialista e cremos que está absolutamente xustificado o debate desta moción en defensa desta institución que é absolutamente útil. Agardamos con interese a votación da urxencia porque creo que historicamente sempre se admitiron as urxencias, e creo que neste caso si que está xustificada, e hai moitos casos nos que ao mellor a xustificación é moito máis relativa, pero ben, aquí podemos ver calquera cousa, como o espectáculo que vimos cando

xuraron algúns deputados que dixeron que esperaban que fora a última Corporación desta institución, non obstante ben que están aquí e ben que utilizan a Deputación de forma ademais repetitiva en relación cos concellos, co cal eu creo que están demostrando que non teñen unha vocación de que esta institución funcione realmente, nós si que cremos nas deputacións, si que cremos que son necesarias, si que cremos en que hai que reorganizar os diferentes niveis da administración, e polo tanto por iso presentamos esta moción. Moitas grazas.

Sr. Sacristán de Diego

Creo que o argumento máis importante para votar en contra da urxencia é o que vostede deu, dicir que o pacto de Ciudadanos co PSOE non vai a ningún lado e, polo tanto, non tería necesidade de debaterse esta moción, iso díxoo vostede, polo tanto, para qué a presenta?, está claro que a presenta por unha razón política, non porque lles interese aos concellos pequenos. Pero mire, nós imos votar a favor da urxencia, imos debatela porque non temos ningún medo ao debate sobre as deputacións porque non hai nada que firmemos que estea en contradición co noso programa, en absoluto, e polo tanto, non temos medo ningún, si temos medo a que se non a declaramos de urxencia vostedes a aproveiten politicamente, e desde logo non lles queremos dar ese mérito, porque non o teñen, porque cando gobernan nas deputacións non miran polos concellos pequenos, miramos polos concellos pequenos agora desde xullo cando nos fixemos cargo da Deputación, e se non comprobe os datos económicos do que facían vostedes, a quen daban os cartos e os que daban ao rural, aí está a mellor demostración, iso é querer os municipios pequenos, non a palabra, non as mocións.

VOTACIÓN DA URXENCIA

Vótase a ratificación da urxencia.

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados (11 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

Votan en contra: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: ningún deputado

Sr. Hernández Fernández de Rojas

A verdade é que alégrome sinceramente de que aceptaran a urxencia porque non existían razóns, como dixen, históricas nesta Deputación para rexeitar esa urxencia, e volvo repetir, estamos ante unha ameaza, unha ameaza aos funcionarios desta casa, aos funcionarios de todas as deputacións e, por suposto, unha ameaza aos concellos pequenos. Non teño ningunha dúbida de que as deputacións, con independencia do Goberno e da cor política dese goberno, son institucións pensadas e que traballan máis polos concellos pequenos que polos concellos máis importantes de cada unha das provincias, así acontecía na Deputación na que eu tiven ocasión de traballar, e non teño ningunha dúbida, porque teño moitas referencias, así acontecía tamén nesta Deputación.

Insisto, que non se trata de mudar para que todo siga igual, nós cremos que, como calquera administración, a Deputación da Coruña é unha administración que podería mellorar na súa xestión, que podería, como se está a facer, eliminar esa discrecionalidade na concesión de subvencións nominativas, etc., etc., pero en todo caso temos que facer unha reflexión ao respecto do papel das deputacións no Estado español.

En primeiro lugar dicir que no artigo 141 a Constitución define claramente a provincia como unha entidade local con personalidade xurídica propia determinada pola agrupación de municipios para cumprimento das actividades do Estado e nese artigo 141 establécese un goberno e unha administración autónoma, que estarán encomendados ás deputacións, polo tanto, as deputacións emanan da propia Constitución española. Son imprescindibles tamén para o cumprimento do artigo 139 da Constitución, polo tanto, a súa supresión require unha reforma da nosa Constitución, coa que nós non estamos de acordo.

As deputacións teñen un profundo e fondo arraigo na vertebración territorial do noso país, na axuda aos concellos pequenos de cada unha das provincias. Prestan un ineludible servizo aos cidadáns, e son de gran axuda aos pequenos municipios e tamén aos medianos e, insisto, prestan servizos que poden ser servizos básicos en cada un dos ámbitos deses concellos porque tamén, se suprimimos, eliminamos as Deputacións moitos concellos pequenos quedarían absolutamente eliminados, non contarían coa axuda, co apoio dos técnicos da Deputación en ámbitos como urbanismo, como o control económico, etc., etc.

Hai que ter en conta que o 84% dos municipios españois son menores de 5.000 habitantes, son municipios que verían comprometida a súa capacidade de xestión coa desaparición das deputacións a non ser que a xogada, digamos trileira, do Partido Socialista máis Ciudadanos sexa mudar o nome e deixar todo como está, o que sería, por iso falaba na miña primeira intervención, dun timo aos cidadáns, pero calquera cousa é de agardar cando o Partido Socialista hai dez días facía propostas en Madrid para tentar chegar a acordos potenciando as deputacións, e de repente mudou a súa forma de pensar e parece ser que agora está en contra do mantemento das deputacións.

A verdade é que agardo con interese o resultado da votación de mañá no Partido Socialista, agardo que sexa segreda, porque creo que tamén probablemente moitos socialistas terán medo a dicir o que pensan, que estarán de acordo na eliminación das deputacións, pero igual pensan que pode haber algún efecto secundario por votar de acordo coa súa conciencia e non votar de acordo co que di o Sr. Sánchez desde Madrid.

Nós cremos que as deputacións tamén son peza imprescindible para evitar a despoboación, no noso caso, da provincia da Coruña, de determinados ámbitos comarcais da nosa provincia, e cremos que tamén son peza clave para o mantemento dos mesmos dereitos e oportunidades de calquera cidadán español, independentemente do lugar onde resida. Cremos que permiten abaratar custos, iso está demostrado na prestación de servizos como pode ser a recollida de lixo ou a xestión de servizos básicos nos concellos pequenos, son institucións imprescindibles

para coordinar os diferentes servizos municipais, permiten garantir a prestación de servizos por exemplo tamén como a xestión tributaria nos concellos pequenos, e en definitiva cremos que son unha peza fundamental do noso Estado español.

Polo tanto, por iso o Partido Popular presentou esta moción, por iso imos votar a favor e agardamos, e pido neste caso que os deputados voten tamén en conciencia, e que voten favorablemente á moción presentada polo Grupo Provincial Popular. Moitas grazas.

Sr. García Seoane

Eu votei non porque non lle vexo a isto urxencia ningunha, nin hai cambio ningún no país que diga que se van sacar as deputacións, nin ninguén dixo que se van sacar as deputación porque claro, se estamos ao que din os acordos, que son libres de tomalos calquera Grupo político no Estado español, estase falando de cambiarlle o nome á Deputación, estase falando de Consellos de Alcaldes, xa agora aquí hai un consello de alcaldes, pero ben, estes son os artilluxios da política. Lamentablemente o país está nunha situación de punto morto debido á demagogia e debido á falta de seriedade que hai que ter para que este país tire para adiante. Aquí está cada Grupo ao seu dicindo tonterías por aí arriba e por aí abaixo, dicindo cousas, lindezas, e impedindo que por que pactas aquí, por que pactas alí, un pode pactar con quen lle dea a gaña porque ninguén pode coartar pactar. Eu denunciado aquí hoxe a situación miserenta que están a sufrir os concellos da Coruña, Santiago e Ferrol, onde hai un boicot tremendo de persoas que están impedindo a gobernabilidade da Coruña, a gobernabilidade de Ferrol e a gobernabilidade de Santiago. En política hai que ser máis serios e hai que ter cintura, e aí arriba o PSOE creo que está facendo o que ten que facer, encargáronlle levar adiante un goberno e debe de sacalo adiante, e os demais, neste caso á inversa, tamén se teñen que poñer, sentarse, falar, e sacar un goberno de esquerdas para este país dunha vez para acabar con toda esa lacra que está assolando o noso territorio, e non quero dicir que outros non teñan tamén a merda por aí, pero ben, hai que cambiar a situación deste país, hai que gobernar este país e hai que deixarse de laticar, e traer esta polémica aquí, se non hai nada, estamos perdendo o tempo todos aquí, e o tempo para min é ouro, non hai nada neste momento, polo tanto, deixemos que falen, deixemos que senten, deixemos que consensúen e logo, cando haxa acordos, discutamos, porque agora non hai nada, desgrazadamente.

E quero dicir con isto que o que está para facer un goberno pode pactar con uns e con outros, cuns déixenme gobernar, ou non me diga vostede que non, e con outros, gobernemos xuntos dunha vez en Madrid, en Santiago, na Coruña, etc., etc, por todo o territorio, porque iso é o que quere a nación española, a nación española, o pobo español, quere que o gobernen, non que esteamos aí tirando tiros.

E logo, é unha contradición que presenta aquí o PP, porque di “o obxectivo de dotarse dunhas administracións modernas e eficaces ao servizo dos cidadáns”, quero dicir, esta Deputación que eu xa estiven nela hai anos, e estou agora, esta Deputación recibiu un cambio impresionante, aquí hai uns funcionarios que funcionan, isto está modernizado, isto está ben, se non funciona mellor é polos políticos que quixeron menosprezar aos funcionarios antes que estaban levando as súas tarefas

nesta administración. Polo tanto de que estamos a falar?, se xa hai unha administración moderna, con todos os sistemas habidos e por haber, coas redes e con todo o que hai, por que estamos ninguneando neste momento e facendo estas frases que poden soar moi lindas, pero que son mentira, pisoteouse os funcionarios, non se lles deixou ser modernos, non se lles deixou ser eficaces, e agora veñen aquí a dicir tonterías.

Xa dixen o que tiña que dicir, e a ver se neste país dunha vez por todas hai cordura para que as cousas vaian para adiante.

Sr. Dios Diz

Bo día outra vez. Quería empezar simplemente recordando dous temas de carácter histórico, deformación profesional, quizais. O mapa territorial provincial, tal e como hoxe o coñecemos, xorde precisamente da reforma administrativa de Javier de Burgos do ano 1833, é dicir, que temos deputacións con 173 anos de antigüidade, e outro apunte histórico, en 1918 as Irmandades da Fala, das que celebramos, por acordo, institucionalmente o seu centenario neste ano 2016, incluían no seu programa político a supresión das Deputacións provinciais.

Para o galeguismo, reivindicado tamén polo Partido Popular, Sr. Hernández, as deputacións como ente foron a base do sistema caciquil deste paí. Non hai tanto, un presidente provincial do seu Partido, que casualidade, definíase a si mesmo como cacique bo. O Partido Popular afirma que as deputacións son imprescindibles ata para combater o despoboamento, deben referirse á vía de contratación directa e a creación de emprego público para os afíns, que impulsan algúns dos seus representantes.

No programa do actual goberno desta institución, subscrito polo Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, que contou co noso apoio na investidura, figura o obxectivo de transparentar e racionalizar a acción da Deputación, precisamente porque máis de cento setenta anos despois esta segue sendo unha materia pendente.

Tamén hai un compromiso de avanzar no proceso da súa superación. Nós lexitimamente, Sr. Hernández, defendemos a desaparición das deputacións, a asignación competencial das deputacións e os seus recursos ás Comunidades Autónomas, e tamén aos concellos, e a racionalización administrativa, que tan precisa resulta hoxe, pois conviven institucións creadas na Constitución de 1978 con outras que naceron cunha finalidade ben distinta hai xa moitos anos.

Reiteramos o desexo, xa manifestado, de que esta sexa a última lexislatura da Corporación provincial, e xa sei que isto non lle gusta ao Partido Popular e moito menos ao Sr. Agustín Hernández Fernández de Rojas.

Sr. Requeira Varela

Eu levo de portavoz nesta Sala de Plenos cinco anos escasos, non é o primeiro debate sobre as deputacións que damos, eu supoño que non será tampouco o último, e supoño que tamén todo o mundo ten claro ou sabe xa de antemán o que

sempre defendeu, e niso non se nos pode acusar de falta de coherencia, o BNG, que foi a desaparición deste ente administrativo.

Eu primeiro quería deixar claro varias cousas, despois de escoitar a defensa da moción do portavoz do Partido Popular, nosoutros non estamos falando nin dunha reforma laboral, nin dunha amortización de prazas nin de postos de traballo de ningunha administración, nin estamos falando de paralización de convenios, iso fixérono outras forzas políticas noutros ámbitos, aquí estamos falando dunha reforma administrativa do territorio do Estado, nin máis nin menos, é moi lícita calquera postura e da desaparición tamén.

Eu, en todo caso, como o Sr. portavoz do Partido Popular actual, o que defendeu esta moción, non estaba nos catro anos anteriores, e ao mellor no seu Grupo non o informaron, vou informalo de algo que, xa moi por riba ou moi sucintamente, expuxo o portavoz do Partido Socialista. Mire vostede, e recollido está nas actas, cando o Partido Popular nesta administración pública decidiu variar os criterios de reparto de orzamentos provinciais a través dun novo plan, que lle puxeron por nome o DTC, en contra do que defendiamos historicamente, e defendemos historicamente nos Grupos, que eran os criterios do POS porque favorecían, efectivamente, os concellos máis pequenos, favorecían os concellos que tiñan unha poboación máis dispersa no medio rural e, polo tanto, deberíamos buscar criterios que apoiaran o que moi ben dicía vostede, que se favorecera un asentamento no medio rural, aos concellos que teñen menor capacidade económica, etc., etc., eu tiven que aguantar unha resposta á reivindicación de que se mantiveran os criterios do POS, tiven que aguantar unha resposta que foi “Nós temos que apoiar o reparto de fondos entre as persoas e non entre ferrados de monte”, ben, iso é o que hai. Pódese dicir coa boca grande que as deputacións serven para apoiar os concellos de menor poboación, e despois posteriormente articular plans que favorecen e que lle rouban os recursos aos pequenos concellos porque hai que favorecer ás grandes cidades, que foi o que se fixo aquí durante catro anos, e iso están aí os datos para demostralo.

Pero agora imos tentar expoñer cal é o posicionamento do BNG, que é claramente favorable á desaparición das deputacións, e isto non vai significar nin que ningún funcionario ou funcionaria, ou calquera outra persoa que teña un posto de traballo nas deputacións provinciais, vaia quedar sen el, porque vostede sabeo perfectamente, pódese artellar un plan de emprego simplemente para destinar ese persoal a outras funcións da administración e administracións temos para recolocar, e falta de persoal tamén temos porque se nos paralizou durante catro anos a posibilidade de contratar novo persoal ao servizo das administracións públicas. O que dá a sensación aquí, eu que me considero, que son portavoz, e somos unha forza nacionalista, parece que hai tamén outro novo movemento político que é o deputacionismo, e que eu descoñecía. O Estado pódese manter igual sen deputacións.

Nós sempre defendemos que hai que superar un modelo, un modelo que moi ben expuña o portavoz de Compostela Aberta hai un momento, que vén de 1833, incluso empézase a falar antes del, en 1812, pero sobre todo en 1833, que é anacrónico e que non responde á realidade administrativa xurdida no último período democrático que vostedes citan na moción, porque parece, segundo expoñen vostedes na moción, parece que as deputacións naceron coa democracia do 78, e

non é así. Naceu en 1833, con moitísimas vicisitudes e o nacionalismo histórico, ou galeguismo histórico, se o queren chamar así, como ben expuña o portavoz de Compostela Aberta, xa reivindicou a súa desaparición hai cen anos. Polo tanto, nós creo que non confundimos a ninguén con isto, e non ía pasar nada.

Dotouse o Estado de diferentes administracións, agora mesmo hai autonomías, pois non pasa nada porque os recursos humanos e económicos se transfiran aos concellos directamente ou ás comunidades autónomas directamente, e non pasa nada, absolutamente nada, e nós cremos, e sempre o defendemos así, que a desaparición das deputacións, primeiro, ocasionaría borrar do mapa da estrutura do Estado un anacronismo e, por outro lado, daría oportunidades, oportunidades para favorecer unha arquitectura diferente. Nós defendemos que os concellos se articulen en mancomunidades, sempre o defendemos así, vostedes defenderon incluso e propiciaron incluso unha fusión de concellos, xa que falou vostede de concellos, entidades moi pequenas, e creo que a desaparición tamén favorecería algo moi importante, porque non podemos negar que as deputacións duplican competencias, e iso é un feito, non é algo que esteamos inventando nós. Hai deputacións que teñen hipódromos, pero hai deputacións que teñen hospitais, aquí a Deputación da Coruña ten colexios, temos conservatorios, temos parques de bombeiros, home, que saiba eu esas competencias son competencias autonómicas que eu considero que, buscando a eficiencia e a eficacia que vostede tamén nomeaba na súa intervención, que se poden debater e que pasan tamén pola eliminación destes entes.

Insisto, por rematar xa por onde empezaba, aquí non estamos falando de postos de traballo, podemos garantir que o persoal funcionario e o persoal laboral das deputacións non correría ningún perigo coa súa desaparición, incluso quen sabe se melloraría, e tamén por citar algo que vostede parece que só nos pasa aos demais, e que na súa casa non pasa nada, eu coñezo alcaldes do Partido Popular que non coa boca pequena nin en espazos pechados, senón nos medios de comunicación e nos xornais, tamén defenderon a desaparición das deputacións provinciais. Déanlle vostedes tamén a liberdade de defendelo nos diferentes órganos de discusión e de decisión nos que están, porque a min cónstame, e as páxinas dos xornais así o recollen. Eu coñezo alcaldes, neste caso homes, polo tanto, non teño que utilizar o termo feminino, que defenden, e que sempre defenderon, a desaparición das deputacións, polo tanto é un debate san que hai que dar. O que non me parece tan san, e o que creo que ao mellor non é tan san, é que se dea agora mesmo porque me parece que é un debate que ten moito de oportunismo, pero se queremos podemos propiciar este debate ao longo deste mandato e este Grupo estaría encantado de debater sobre este tema e de que chegáramos a conclusións sobre este tema, para isto temos tres longos anos por diante. Eu creo que pola nosa parte nada máis, nós imos votar en contra desta moción que, por certo, é unha moción que a este salón de Plenos, con outras redaccións e ao mellor con outra parte dispositiva final, xa veu máis veces e sempre mantivemos a mesma postura. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Sacristán Diego

Comezar pedindo ao portavoz do Grupo Popular que retire a palabra trilerio dirixida ao Partido Socialista. E en segundo lugar a dúbida no voto que se establece dentro do Partido Socialista, é evidente que onde non hai dúbidas de como se emite o voto é no Partido Popular porque non se vota, pero nosoutros facémolo

democraticamente e, polo tanto, pídlle que retire esas dúas palabras porque creo que na miña intervención eu non insultei ao Partido Popular para nada e, polo tanto, se para defender unha idea fai falta insultar ao contrario, mal imos, ou poucas ideas se teñen.

En segundo lugar, quero dicirlle que na moción trátase precisamente do que nós pensabamos que se trataba, non de defender os concellos pequenos, senón intentar meter o dedo no ollo do Partido Socialista por ver se se repesca algo. Nós non temos que estar todos os días defendendo os pequenos municipios porque nós, desde sempre, somos un partido cunha vocación municipalista, levámolo demostrando moitos anos, bastantes máis anos que o Partido Popular, pero é que ademais, cando chegamos ás institucións, exercémolo, e non me vai dicir vostede a min a diferenza abismal que houbo desde xuño para aquí con respecto á anterior etapa nas deputacións, diferenza abismal. Simplemente, o día que queira, volvemos coller as cifras, e a vostedes écheselles a boca dicindo que defenden os pequenos municipios pero logo cando gobernan nas institucións é todo o contrario. Sumen as cantidades que se viñan dando de xeito aleatorio aos concellos maiores de 20.000 habitantes e logo comparamos, e imos ver a quen se apoiaba e a quen non, iso é a proba máis palpábel do que se defende porque precisamente un dos obxectivos das deputacións era ese.

En segundo lugar dicir que desde o mes de xuño, evidentemente, acabouse a procesión dos alcaldes a pedir ao presidente da Deputación subvencións, acabáronse, todo o mundo sabe que hai plans obxectivos, que non hai subvencións nominativas, e que polo tanto hai criterios obxectivos que é o que debe funcionar na Deputación, e non como se fixo ata o de agora.

Reducimos os gastos superfluos e, polo tanto, van ter máis diñeiro as Corporacións locais e, sobre todo, as corporacións pequenas e, evidentemente, mantendo todas as prestacións que se viñan dando, inclusive incrementando esas prestacións. E unha, por exemplo, das modificacións que houbo é repartir máis diñeiro mensualmente aos concellos, como consecuencia da recadación, antes repartíanse 90, agora repártense 95, e proximamente imos intentar que realmente se reparta un pouquiño máis, ou se desconte un pouquiño menos aos concellos se economicamente é viable, que cremos que si.

É curioso que unha das prestacións que vostede dicía que facía mellor a Deputación, a recadación, é curioso tamén que un concello do Partido Popular diga que quere marchar da recadación provincial, porque non se recada ben, é curioso.

Nos programas electorais, nós no programa electoral municipal de 2015, avogamos, como non podía ser doutro xeito, por modernizar as deputacións, facelas máis eficaces e transparentes e poñelas ao servizo dos pequenos municipios, que é o que estamos a facer, e no programa de eleccións xerais, que non ten ningunha contradición, dicía, modernizar as deputacións reformulando o seu papel, que é o que se vén de producir coa sinatura, precisamente, do documento con Ciudadanos, é dicir, é unha modernización dunha institución que, evidentemente, non se sabe se se vai cambiar ou non se vai cambiar de nome, pero que hai que modernizala, e é o que se pretende, e desde logo, é un convenio, ou un acordo que, desde logo, non ten

máis trascendencia que poñerse dous partidos de acordo en dicir que hai que modernizar as deputacións e hai que cambiar o sistema.

É unha creación dunha nova administración local, desde logo moito máis democrática, que se elixa directamente, dedicada a satisfacer precisamente as necesidades dos concellos máis pequenos, dos de menos de 20.000, porque os demais non o necesitan, si hai un efectivo cambio de financiamento local, que levamos reclamado dende hai moitos anos, cos que os concellos maiores de 20.000 habitantes poderían recibir perfectamente a través do fondo do Estado o diñeiro que recibe a través da Deputación, non tería intermediarios, sería máis directo, e podería dedicalo ao que quixera. E, polo tanto, nese sentido, cremos que ninguén queda abandonado. É verdade que os concellos máis pequenos posiblemente necesiten iso, e por iso nós mantemos un organismo intermedio, evidentemente, non o quitamos, o que si facemos é cambiar radicalmente do que se viña facendo ata o de agora coas deputacións.

Non se castiga a ninguén, vostede di na súa moción que se castiga a millóns de españois que viven no rural, ao contrario, poténciase precisamente porque queremos que haxa un órgano que potencie precisamente o mundo rural, que se dedique exclusivamente ao mundo rural, aos concellos máis pequenos e non ás cidades nin aos concellos maiores de 30.000 habitantes. Polo tanto, creo que van ser todo vantaxes para os concellos máis pequenos, e non ao contrario.

E logo, despois, hai algunhas competencias que ten que asumir a Deputación, e tería que asumir as deputacións, por exemplo en temas urbanísticos, se din que articula o territorio, é ilóxico que non teña competencias urbanísticas, por exemplo, para os pequenos concellos, cando noutros sitios si se exercen, noutros sitios onde non son deputacións, son deputacións forais, e polo tanto, podería perfectamente articular o territorio pero tendo unhas certas competencias.

Despois deféndese a capa e espada aquí aos funcionarios, como se nós estivéramos en contra dos funcionarios da Deputación, máis ben todo o contrario, porque nós desde que chegamos aquí o único que fixemos foi repoñer nos seus dereitos a algúns funcionarios que vostedes, cando gobernaron, se cargaron, é dicir, fíxese vostede o que crían que substituíron os xefes de Servizo, crearon as xefaturas de Área, etc., etc., iso é defender aos funcionarios?, vostedes din unha cousa e fan a contraria, igual que fan co tema de apoio aos concellos pequenos.

Polo tanto, eu pídolle máis respecto polas opinións dos demais e, desde logo, eu non creo que utilizara ningún argumento nin ningún insulto para contrarrestar as súas palabras. Polo tanto, volvo reiterarlle que retire, efectivamente, as dúas cuestións.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Moi brevemente, non teño ningún inconveniente en retirar a palabra trilero, pero en todo caso o que é obvio é que a mudo por tramposo, porque si que estamos a falar dun timo, entendendo o que é etimoloxicamente un timo.

A verdade é que escoitando ao señor portavoz do Partido Socialista, creo que teño claro o que votará mañá vostede, e é non ao Sr. Sánchez, porque parece que vostede o que pretende é potenciar as deputacións, iso si, mudando o nome, e con todos os respectos, e non o interprete como un insulto, se vostede pretende mudar o nome das deputacións, e seguir non soamente facendo o mesmo, senón moito máis, vostede o que está é timando aos electores e sendo partícipe dun engano que a verdade é que non me estraña desde o momento en que o Sr. Presidente da Deputación xa adiantou cal é a súa opinión, e leo textualmente, entre comas: “A supresión de calquera administración ou institución é normal, non pasa nada se se suprimen as deputacións se hai un organismo que se comprometa a realizar as súas funcións”. Nós simplemente o único que queremos é coñecer dos grupos provinciais presentes neste Pleno se están de acordo ou non están de acordo na eliminación das deputacións, e por iso facemos a seguinte moción que me permitirán un momento que lea os tres puntos:

En primeiro lugar, reivindicar o valor institucional das deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares como gobernos que cumpren a misión de cooperar na vertebración territorial e de velar pola igualdade e acceso de todos os cidadáns aos servizos necesarios.

En segundo, esixir ao futuro Goberno da nación que respecte estas institucións para non castigar aos millóns de españois que baixo o seu amparo conviven en municipios rurais.

E o terceiro punto, valorar que o presente inmediato das deputacións, cabidos e consellos insulares, non pasa pola súa eliminación senón por alcanzar, xunto cos concellos, o obxectivo de dotarse dunhas administracións modernas e eficaces ao servizo dos cidadáns, nas que non se solapen competencias, e que contén co mesmo nivel de calidade e autosuficiencia das demais administracións do Estado.

Escoitando o que dixeron os portavoces que faláron antes ca min, penso que é coherente e está de acordo co fondo das súas reflexións, incluso da reflexión do señor portavoz de Alternativa dos Veciños, que como é habitual nel di a frase ata o punto que lóxicamente resposta á reflexión que pretende facer despois, pero obvia o resto posto que da nosa moción non se desprende que nós digamos que esta Deputación non é unha Deputación eficaz, eficiente, que teña bos funcionarios e bos servizos técnicos, ao contrario, o que dicimos é que tanto as deputacións con carácter xeral, como os concellos, deben mellorar a súa xestión e deben coordinar as súas accións.

E, polo tanto, por iso presentamos esta moción, e por iso pedimos o voto favorable para ela.

Sr. Sacristán de Diego

Moitas grazas por retirar as dúas cuestións que lle formulaba. Simplemente quérolle engadir o seguinte. Nós cremos que as deputacións fan competencias que non lles corresponden, e que tiña que facer a Comunidade Autónoma, e outras que posiblemente si ten que facer e non as fai, non as exerce. Polo tanto, non é aumentar competencias, é modificar as competencias, que cambia, primeira cuestión.

Segunda cuestión, cada un no Partido Socialista pode ter a opinión que queira sobre o aspecto que lle dea a gaña, hai uns que están a favor do aborto, outros non, pero convivimos, convivimos porque debatemos, e ademais debatemos e votamos, e a maioría é a que decide. Polo tanto, o Sr. Presidente da Deputación pode ter esa opinión, como eu podo ter a contraria, ou calquera outro alcalde do Partido Socialista, pero votamos, decide a maioría, e iso é o que se exerce. Outros non poden dicir o mesmo, síntoo, non poden dicir o mesmo porque non se admite nin a disensión, nin a opinión á marxe de.

Creo que o Sr. Hernández se equivoca se pensa que nós temos algo en contra dos funcionarios, máis ben ao contrario, todo o contrario, cremos que os funcionarios son necesarios, cremos que os funcionarios, evidentemente, fan un papel importante nesta Deputación e noutras deputacións e, por iso, non removemos a ningún do seu sitio, senón máis ben repuxemos, co cal hai unha vantaxe creo que importante con respecto ao que se fixo anteriormente nesta e noutras deputacións.

Sr. Presidente

Eu si que quería dedicar un segundo a contestar ao portavoz do Partido Popular por alusións, respecto a esa declaración que subscribo, pero quero ampliar en trinta segundos.

Basicamente ratificamos a urxencia da sesión por cortesía histórica, como ben dicía Agustín, pero estamos absolutamente en contra da urxencia. Dicía Gelo que era unha perda de tempo, sobre todo porque agora mesmo non existía esa urxencia, o propio Agustín, o seu subconsciente, aludía a que non hai moita posibilidade de que prospere ese acordo e, polo tanto, a urxencia, como tal, ninguén a percibe. Pero o que si que me gustaría que quedara claro é unha cousa, é dicir, non é un timo, a proposta lévaa defendendo o Partido Socialista desde a súa última conferencia política, e nos programas electorais das municipais e das xerais falamos de modernización das deputacións, e eu fago alusión ao que dicía Gelo antes, claro, non se refería á da Coruña unicamente, porque todos os que estamos aquí, primeiro que creo que ninguén pon en cuestión os funcionarios desta Deputación, e o respecto que se ten por ela por parte de todos os que estamos sentados aquí e dos concellos que non están representados nesta Corporación é absoluto, pero si seguramente hai outras deputacións, á vista dos datos que temos de xestión, os indicadores económicos e de xestión que teñen estas, que habería para dar e tomar. Non é o caso da nosa, froito da responsabilidade, tanto dos funcionarios da Deputación como das corporacións que gobernaron esta Deputación, que tomaron as decisións no camiño correcto, porque como sigo insistindo, recibimos unha Deputación nós, esta Corporación, que estamos todos aquí, impecable economicamente, e cuns recursos que nos permiten asistir aos concellos pequenos, medianos e tamén grandes, que acabamos de aprobar, e vivan as contradicións, unha axuda de 450.000 euros para unha cidade que ten algo máis de 20.000 habitantes, como é a da Coruña. Polo tanto, esta Deputación está asistindo a todo o mundo, pequenos, medianos e grandes.

Pero o acordo destas dúas forzas políticas vai no camiño da modernización, que é cambiar soamente o nome do escudo que aparece aí no Pazo provincial, na fachada?, non, non é certo. Hai dous piares fundamentais deste acordo que comparto

a cegas, e que os compartimos todos. Por unha parte esta Deputación, dío o propio Partido Popular na reforma da Lei de bases do réxime local, ten que atender aos concellos basicamente de menos de 20.000 habitantes, todas as referencias numéricas de habitantes que fai a reforma da Lei de bases do réxime local do ano 85, a través de sostibilidade e de racionalización da administración local, fai referencia á subsidiariedade da Deputación na prestación de servizos básicos que garanta a calidade de todo aquel habitante da provincia, viva onde viva, pero sobre todo prestando atención aos concellos de menos de 20.000 habitantes. Facendo unha referencia intelixente, Xulio, que di, oe, sen esquecernos dos concellos de máis de 20.000 habitantes, que non somos grandes vilas e que dalgunha maneira ten que compensarse a perda de financiamento que teriamos se as deputacións deixan de asistírnos. Polo tanto, non é tan sinxela esta reforma.

O acordo, por unha parte, di claramente que ningún dereito, ningunha prestación dun servizo dun concello de menos de 20.000 habitantes será desasistido, se se crea ese consello de alcaldes, e en segundo lugar fala dunha cuestión que está na rúa, que é unha demanda social, que é que se cambie o modelo de elección dos representantes dos concellos na Deputación da Coruña, un sistema distinto de elección. E, polo tanto, creo que é fundamental, para nós cremos neses dous piares, cremos, non é un timo, cremos niso, non é simplemente cambiar de nome.

Nos anos noventa, noventa e pico, o Goberno de José María Aznar cambiou a denominación dos gobernos civís, que eran históricos os gobernos civís, pasaron a chamarse Subdelegacións do Goberno e ninguén o considerou un timo, é dicir, seguiron mantendo as mesmas funcións, que eu saiba, non cambiaron para nada as súas funcións, e polo tanto creo que, gustará máis ou menos este punto do acordo, pero en calquera caso aposta por dúas cousas claras, unha maior aposta polos concellos de menos de 20.000 habitantes, polo tanto as deputacións seguirían mantendo ese papel, insisto, recollendo a intención que recolle o goberno do Partido Popular actual en Madrid, na modificación da Lei de bases, si, e por outra parte un cambio no sistema de elección da representación política da Deputación, non hai máis ca iso.

VOTACIÓN

Votan a favor: 11 deputados (PP)

Votan en contra: 18 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños).

Abstéñense: ningún deputado

ROGOS E PREGUNTAS

Sra. García Gómez

Simplemente para preguntar que enfoque se lle vai dar ao acordo ao que se chegou en canto a proposta presentada polo Grupo Popular de axudas urxentes por emerxencias de temporais, e se se vai dotar orzamentariamente.

Sr. Sacristán de Diego

Esta semana fíxose a moción e a proposta, recollendo un pouco as achegas de cada un dos Grupos e, polo tanto, na vindeira semana continuaremos con ese tema para facer xa unha reunión e dotalo presupostariamente, lóxico.

Sr. Dios Diz

Moitas grazas, Sr. Presidente, teño dous rogos.

O primeiro é a solicitude, que xa comentei nalgunha ocasión, de que se habilite o espazo web para que os Grupos provinciais teñamos acceso á web da Deputación. No pasado mes de outubro eu recordo que preguntei a este respecto, a resposta foi que se estaba traballando neste asunto e no desenvolvemento deste apartado, transcorreron xa máis de catro meses, na web é certo que existe un enderezo específico, pero ata onde nós sabemos non se nos comunicou a posibilidade de acceder e de dotar de contidos propios, por iso reitero que se habilite ese espazo para información dos Grupos na web da Deputación.

E o segundo rogo foi tamén tratado cos demais Grupos neste Pleno, e saíu en varios debates, e ten que ver coa reforma do Regulamento orgánico da Deputación, penso que todos coincidimos en que é necesario e a información ata este momento é que se está a traballar neste tema pero hai tempo, dous meses polo menos, que non sabemos nada. Gustaríanos rogar ao Goberno provincial para que convoque aos Grupos para informar do estado destes traballos e para comezar o proceso de posta en común do posterior debate.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e corenta e cinco minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.